



Benia quen constrúe a paz!

ANO XXXVIII • Nº 1000 - Do 15 ao 31 de decembro de 2018



VICTORINO PÉREZ-PRÍETO, ALFONSO BLANCO TORRADO, ALEXANDRE F. PUMARINO, MANOLO REGAL, XOSE ANTON MIGUELEZ, XOSÉ MANUEL CARBALLO, LOIS FERRADAS, PEPE CHAO, DANIEL LOPEZ MUNOZ, JOSE LOPEZ VILAR, MARTA SOPELA, MARICA CAIRO, TERESA CABRILLO, GUMERSINDO SEVERINO, MARISANO GUIZÓN, AGUSTÍN BUENÍO, LUCIANO PENIA, JOSE CARMELO IGLESÍAS, CARMELO CAPELA, RESTRIZ TERESA, GARCÍA TURDES, XABIER LOSADA, SEVERO VIDAL, IDIA CAMPOS CHAN, BANIEL ASOREY, PEDRO LOZANO DE VES, CARMELO IGLESÍAS, CARMELO CAPELA, RESTRIZ TERESA, GARCÍA TURDES, XABIER LOSADA, IGLESÍAS, XOSE MANUEL DIAZ CADAVEIRA, JOSE ANTONIO MARTINEZ, RAMON D. KANA, XOSE MANUEL CARBALLO, DANIEL LOPEZ MUNOZ, PEPE CHAO, PAULINO PÉREZ MENDIOLA, YANGARDA OBEIRA, MRCA, XOC, ESMORGA, XOSE ANTON MIGUELEZ, COLECTIVO "A REIJA", ANTONIO FERRAZ, ANDEZ CHAO, EDSEO MIGUELEZ, COSTANTINO MADRINO, FELONNECHO, MELIDE FERNANDEZ, MAJILDE VAZQUEZ, PABLO RODRIGUEZ, TOIBARÉN, PRIMITIVO IGLESÍAS, EDOR, GUILLERMINA MOSQUERA, MANOLO VARELA, ALEJANDRE MARTINO, OSIRIADICION, MOGUEL SUAREZ, ABEI XABIER, LOIS VILAR, ALFONSO BLANCO, MANOLICO REGAL, MARTA SOPELA, GUMERSINDO CAMARANA, XABIER, MADRINÁN, LOIS FERRADAS, MATO DOMINGUEZ, SEVERINO GONZALO, VICTORINO PÉREZ-PRÍETO, XESUS FERRO RUBAL, MOISES LOZANO PAZ, CLODIO GONZALEZ PÉREZ, MANOLO R. BERMELO, ANXO MOURÉ, MOSQUERA, PEPE COIRA, MARTO CAMBEIRO, XOSE MANUEL LEMA, SUAREZ, MANOLO SORDO VILAR, FRANCISCO LORENZO MARINO, ANTON MIRAMONTES, ANTON MARTINEZ, ANEIRO, XABIER BLANCO, BERNARDO BUENO, MANUEL PÉREZ BLANCO, XOSÉ ANTON FERRAZ, HEINAR ROMÁN, CRISTINA KORTES, SARA PAZ OLIVERA, GORETTI, SANJULIEN, UNAI SUAREZ, BEATRIZ CEDRON VILAR, ENGRACIA VIDAL, FERRAZ, GONZALO, CELIA CASTRO, OJEDA, GERARDO CASTEDO, MARISSA VIDAL, XAN SANTIAGO, CHRISTINA MOREIRA, CARLOS VAZQUEZ, G. TERESA ESPINOSA, LOIRA, JOSECHO DE LA TORRE, CUILES, RUBEN, ARA, BURU, DIAZ, BALDOMERO IGLESÍAS, DOBARRIO, MERO, XAQUIN, CAMPO FREIRE, NIEVES ESPINOSA, NEIRA, MEDIN, FRANCISCO ALMUINA, ALFONSO MASCUNANA, ANTON LAXE, OLGA ALVAREZ, MANUEL ARCA, J.M. BARCA LOPEZ, MANOLO G. TURNES.

1000 pequenas primaveras

Número mil, e despois que?

Lucía Santiago Díaz
(Presidenta da Asociación Irimia)

Que pode aportar Irimia a partir do número mil? Para que serve Irimia? Velaquí algunhas preguntas para este número 1000. Respostas? Cada un terá as súas, pero a min chámanme a atención tres: voz, encontro e referencia.

Ser voz

“Somos o que cremos que os demais cren que somos.”

Ser voz de quen non ten a capacidade, tempo, recursos ou medios para dicir e argumentar o seu pensamento. Aquelas voces que non se escoitan nos medios masivos de comunicación. Voz das persoas que están nas fronteiras, que saen da súa zona de confort e se lanzan ás periferias, onde son cuestionadas, incluso pola súa mesma voz.

Un altofalante, moitas veces a contracorrente, que aposta por unha humanidade radical; radical no sentido de raíz, pois trátase dunha aposta por poñer en valor unha humanidade desde abaixo. Un berro seco que, con moita dignidade, clama “Está pasando, outro mundo é posible”

Encontro

O que non se di, o que non se conta, non existe.

Lei Trans, teoloxía feminista, “Modepen”, “sen teito”, organización de manifestacións na igrexa de Coia, retransmisión desde Nicaragua... E podería seguir. Son só algúns exemplos de artigos que saíron na revista.

Esta é outra característica da Irimia: ser a nosa voz. Pois todas preaadoo ou non, Irimia leva 40 anos creando comunidades de referencia. Artellando opinións. Acompañando o mundo que vai cambiando. Desde aquí, desde a nosa Terriña, e con dimensión universal.

E con esta liña editorial vai sacando artigos ou entrevistas de xente pequena e de iniciativas pequenas que, coma o fermento, van sumando as súas pequenas revolucións e transformando a sociedade desde abaixo. Rompendo o marco conceptual. Axitando as que estamos no sofá e alentando as que saímos á rúa. Facendo pensar e cuestionarse.

Referencia

Para que serve Irimia no mundo de hoxe? Todo isto vale para a xente do século XXI?

Vivimos nunha sociedade líquida e nun momento de cambio de paradigma. Chea de persoas dicindo NON aos canons de vida que se lle impoñen, buscando alternativas e non estando dispostas a vivir de calquera xeito.

Cada vez hai máis medios na rede que empoderan estes “movementos alternativos” e contan as súas historias. Ou non. os medios que unen “movementos alternativos” con todo o que ten que ver con Deus, relixión, teoloxía... son minoritarios, e máis aínda en galego. Irimia é un referente neste eido. Un punto de encontro. Unha voz. E iso vale para a xente do século XX e do século XXI.

Posts criptum

Mentres escribo estas liñas, ando a falar por wasap cunha amiga. Falamos de “teoloxía política sexual”

[12:48, 5/12/2018] Lucía: Nin idea...

[12:48, 5/12/2018] Lucía: Non sabía que existise tal cousa.

[12:48, 5/12/2018] Amiga: (emoticono sorrindo)

[12:48, 5/12/2018] Amiga: o mundo éche moi ghrande.

Fotografía Xela García



Editorial

Pois si. Cumprimos mil. A biografía desta pequena aventura está, neste mesmo número, bastante detallada polos seus protagonistas. Quixemos facer un número a coro, onde non só se expresase a historia de *Irimia*, senón tamén a súa xeografía humana e sociopolítica: a xente, as angueiras, os territorios, a fe e as causas de *Irimia*.

Co número 1000 pechamos un ciclo e abrimos outro. Antes de nada, en coherencia con esa mensaxe deste número 1000, cómpre dicir que *Irimia* é un proxecto colectivo, horizontal, de persoas e realidades interesadas e conectadas, referenciadas a un horizonte compartido. Se deixa de ser iso, é mellor que simplemente deixe de ser. Así que, despois de debates coa directiva da asociación, colaboradoras e colaboradores varios, introduciremos certos cambios, para facermos viable o posible (mesmo o aparentemente imposible), para adaptarnos aos tempos e abrir vías de recambio xeracional.



A revista en papel pasa a ser mensual. Renovarase sobre a estrutura básica que coñeces, terá que evolucionar e adaptarse á nova periodicidade e poderá permitirse non estar tan presa do espazo actualmente dispoñible.

O prezo mantense, coa idea de poder acometer o proxecto web. Iremos avaliando a cousa para ver a viabilidade económica.

Ao mesmo tempo vai haber unha aposta pola internet: primeiro co deseño e posta en marcha dunha nova web. O papel alimentará a web e a web o papel, pero terán unha dinámica distinta. Ábrense posibilidades novas, como empregar os correos electrónicos das persoas subscritoras para enviar unha carta de novas periódica (iso que chaman un newsletter).

Pero para facer posible isto é preciso un plan para xerar contidos, dar voz a realidades que falan baixo, mostrar que hai alternativas de vida e esperanza para a nosa terra, para a nosa marabillosa identidade, que non exclúe as outras, para manter ese diálogo entre o humanismo cristián e tantas iniciativas solidarias de mellora da xustiza social, de emancipación, de igualdade. Invitaremos a moitos e moitas de vós a formar parte de equipos temáticos, e estamos seguros de que a resposta vai ser positiva.

En todo caso moitas grazas polo voso apoio. Isto é voso, ou non é.

Introduciremos
cambios, para
facermos viable o
posible (e mesmo o
imposible)

A cousa ten a súa historia

Mil números dunha revista, por moi modesta que sexa, teñen a súa historia. Nestas tres achegas honramos esa historia, comezando pola prehistoria, aquel fervedoiro de renovación conciliar, teoloxías liberadoras e militancias antifranquistas de Ferrolterra de finais dos setenta. Seguindo polas primeiras etapas de Irimia, cando había un director como Deus manda, e rematando pola tropa que, sen que ninguén se poida explicar como, nos axudou a chegar até aquí.

Vistas estas anécdotas, tan esvaecidas na brétema do tempo, poden parecer non máis ca iso, anécdotas; pero foron a nosa vida chea de ilusión, preñada de esforzos por unha utopía que non acaba de ser real.

Toda historia ten a súa prehistoria

Fun o primeiro presidente da asociación (1978-79). Non por méritos propios, senón máis ben por ter as costas dispostas a cangar con calquera peso. Viamos que era necesario darlle un marco “legal” ás actividades que desenvolviamos: Boa Nova, Encrucillada, Romaxe, Cruceiros e outras que bulían no maxín. Pero tiñamos claro que non queriamos -nin podiamos, madía leva- depender da autoridade eclesiástica. Preferiamos seguir sen control. Non había outra maneira se pretendiamos “continuar con vida”. E, despois de tantos anos, segue resultando triste recoñecer esta realidade. Será verdade que non hai maneira de

avanzar, de abrir camiños novos, se non é colocándose na marxe da institución?

A xeada era mesta. O Panda quedara teso co frío. Cando cheguei, cantaban os galos

Anécdotas para unha (pre)historia

Ramón Díaz Raña



Reunión do grupo Boa Nova. De esquerda a dereita: Alfonso Gil, Manolo Cillero, dúas persoas non identificadas, Álvaro Rábade, Martiño Montero, Ramón Díaz Raña, Gonzalo Folgueira e Manolo Escariz Magariños

Búscase director/a

Creada a asociación, os esforzos encamiñáronse a pór a andar a revista. Déronse moitas voltas, fixéronse tentativas, pero non era posible atopar xente disposta a cargar coa responsabilidade. Tere Mailly era a menos asustada, pero tampouco rematou en positivo a proposta. Pensamos desistir.

No 81 propúxenlle a encomenda a Tori. A idea callou. El, sempre animoso e resolutivo, pillou o touro polos cornos e púxose sen medo e con decisión a dirixir a empresa. Di que fun



Cartel do I Cruceiro, celebrado en Bastiagueiro en xuño de 1978

ousado ao proporlle esta comenencia (“Galegos e cristiáns”, páx 206). Eu, pola contra, penso que a miña ousadía foi pequena. Certo que non coñecía moito a Tori, pero si que o vía con capacidade organizativa sobrada, xunguido cun compromiso serio coa inculturación da fe en Galiza e unha gran liberdade de espírito que lle facía voar por riba de dificultades e atrancos. Non me trabuquei. Demostrouno ao longo de moitos anos. Grazas, Tori, por ter aceptado a miña proposta e por ter enriquecido Galiza cunha nena tan fermosa, hoxe xa entradiña en anos; por iso aínda máis bonitiña!

Non nos entenden, non

Para legalizar a revista -como para todo- había que depender de Madrid. Fomos España e máis eu a unha xestoría da Coruña para que nos prepa-

rasen os papeis. Pasado certo tempo, contestaron do Ministerio de Información. Ao ler a documentación, descubrimos que viña todo ao meu nome

particular, non como presidente da asociación. Con esas, eu era o dono e propietario (e tamén responsable total) da revista.

Sen comelo nin bebelo, atópome entre os editores de España. Quen mo ía dicir! Pois ben, o conto foi que non demos sabido onde estivera a causa do erro, se na xestoría ou nos madriles. Como desconfiados que somos, cremos que o entorto naceu na capital de España, porque iso de “Irimia” soaríalles a grego, e ademais pensarían que nos trabucamos pondo Irimia dúas veces tan seguidas. Non sería nosa a culpa por chamarlle do mesmo xeito á asociación e á revista? En Madrid hai nomes para todo e aquí, por aforrar, puxemos o mesmo para dúas cousas. En fin, había que amañar o erro.

Veñen cartas e chamadas de teléfono pedindo aclaracións e información. Non nos dabamos entendido. Desta vez, a culpa tñíaa o Guadarrama. Pasamos tempo con idas e voltas. Por fin, recibimos un escrito no que se nos informaba de que a única maneira de poñer as cousas polo dereito era cunha escritura notarial na que constara



Imaxe, xa histórica, da I Romaxe no Pedregal de Irimia, en setembro de 1978

A cousa ten a súa historia

que eu lle vendía á Asociación Irimia a Revista *Irimia*. Vaia parida!

Daquela o presidente era o amigo Daniel López Muñoz. Puxemos data e veu a San Sadurniño. Subimos a costa do Outeiro, camiño da notaría, con máis risa ca outra cousa. Eu sentíame como un potentado que se vai desprender dos seus bens -sen cobrar unha cadela- en beneficio duns pobres irimegos ricos en soños por cambiar o mundo. Foi a primeira vez que vendín algo ante notario. Pero nin el nin eu cobramos nada. Pedro, o notario, era un bo cristián practicante. Eu, a medias. Daniel foise coa escritura, co peso da presidencia e coa responsabilidade da revista. Está claro por que a calva acampou na súa cachola.

Ía moitos domingos á tarde con Elías ao mosteiro de Sobrado para que o luns puideran imprimir

Aquelas mesas de redacción: artesanía e aventura

Fun bastantes veces ás xuntanzas para a redacción da revista a Muiñenta, Vilalba e, sobre todo, Romariz, onde estaban Miguélez e Regal. Camiño longo desde San Sadurniño, pero compensado sempre pola cordialidade dos amigos. Unha noite, indo polo Chao das Pontes, paroume o Panda no medio da estrada. A xeada era mesta. Un anxo acendeume as neuronas e fíxome comprender que o motor quedara teso co frío polo moito correr; suxeríame que for amodiño, na segunda, ata a casa. Así

Acta da Primeira Xuntanza

O día oito do novembro de 1978, sendo as cinco da tarde, xuntámonos na vila de Vilalba na casa de Xosé Chao Regal "A CHOUZANA", coa finalidade de botar a andar unha idea que se vira forxando había xa unha boa temporeta: A Asociación Irimia. Ela comensará despois da Primeira Romaxe de Creantes Galegos ó nacemento do Par. N. N. co lema de "Eu Renazo Galego".

Alí, no Pedregal da Irimia, con xentes chegadas dos clubs esportivos da nosa via feliz se se propoñen de que a nosa fe cristá tiña tina de incarnarse e encellarse na terra e de verdade quería ser fe e cristián.

Coa arecha de que fore a parcente unha realidade moza, escomenzamos estas xuntanzas para ir artellando un mínimo de estrutura que fora a reguendo unha continuidade até a chegar a consolidar o que se prebese de que vexa un aglutinante das navegadas actividades xa existentes e que poiden contribuir un mínimo fo reño pra redención da boa Nación de Breogán.

Acta da reunión celebrada na Chouzana ou 8 de novembro de 1978, na que se aprobou o proxecto dun folleto divulgativo da futura Asociación Irimia

o fixen. Cando cheguei, non tardaron en cantar os galos.

Con todo, o compromiso que me resultou máis custoso foi o de levar, durante bastante tempo, os textos da maquetación que preparaba Elías, en Barallobre, ao coche de liña que sobe de Betanzos a Sobrado. Tiña que ser o sábado antes da unha. Pero o peor era que moitas veces chegaba a Barallobre e Elías aínda non comezara o labor. Volta para San Sadurniño e concertar hora para ir a Sobrado. Temos ido o bo de Elías e mais eu moitos domingos pola tarde expresa-

mente ata o mosteiro para que o luns puidesen traballar na imprenta e así non perder o ritmo establecido. Elías fallaba non por ser folgazán, senón precisamente polo contrario: ser demasiado traballador e comprometerse con comenencias inesperadas. Non podía haber fallo na cadea. Provocaría complicacións. Iso creaba tensións porque, como xa teño dito en relación a outras argalladas, faciamos todo isto ademais do noso traballo "oficial" nas parroquias, que, dito con humildade, tampouco desatendiamos.

Os primeiros 390 números de *Irimia*; un esforzo gratificante

Victorino Pérez

A primeira época: Os primeiros anos de *Irimia*, números 1-167 (1981-1984)

Como dicía Ramón Raña no primeiro aniversario de *Irimia* -aínda que daquela os traballos eran anónimos- “o máis difícil de todo foi o parto” (nº 52, 1982). O seu comezo foi coa Romaxe e o Cruceiro de 1978, e logo a Asociación Irimia: proxecto, busca de socios, de cartos e de equipo responsable. “Estuvemos cubertos cuns nubeiros tan negros que non avanzabamos nada. Nisto -segue Raña- apareceu Tori... Entón, el con nós e nós con el, rachamos para adiante e decidimos empezar”. Moito me agradeceron Pepe Chao e Raña aceptar o reto que un día me propuxo Ramón en San Sadurniño, nada máis chegar eu da Universidade de Salamanca; os dous honraronme sempre coa súa amizade. Anos despois, Pepe faría o xeneroso prólogo do meu libro *A xeración Nós. Galeguismo e relixión* (Galaxia, 1988), e logo escribiría fermosas verbas nun editorial da revista (nº 392), cando deixei a dirección a petición propia.

Despois da presentación do nº 0 na IV Romaxe (Lagoa de Castiñeiras-Pontevedra), en setembro de 1981, o nº 1 de *Irimia* viu a luz en novembro, editado por Elías de Barallobre e impreso no mosteiro de Sobrado: oito páxinas formato cuartilla.

Fun o director durante once anos, desde o nº 0 (1981) ate o 391 (1992) e publiquei nela preto de 500 artigos ao longo dos seus case 40 anos. Lembro ben como custou facer as sinxelas páxinas ata o nº 7, sen medios e case sen xente. A primeira mesa de redacción reducíase, en moitas ocasións,



Mesa de redacción do ano 1984 na casa de Cloti, en Vilalba. De esquerda a dereita, comezando no segundo: Alfonso Blanco, Daniel López, Manolo Regal, Xosé Antón Miguélez, Victorino Pérez (de pé) e Xosé Lois Vilar. Acompañaos Carlos Montero (primeiro pola esquerda) e Ana Giménez (primeira pola dereita, que aparece cortada), con Simonciño.

a Pepe Chao e mais eu en Vilalba, aínda que colaboraba máis xente. Escoitamos unha e outra vez: “¡Semanal!... Non chegades ao número 5”. Nos primeiros números, ademais do meu nome (director, debuxante, redactor, maquetador...), aparecía o dun pequeno grupo de responsables: A. Blanco Torrado (“A peneira”), Manolo Regal (“Boa nova”), Xosé A. Miguélez (“Terra e xente”), Xosé M. Carballo (“Parábolas”), Pepe Chao

Lembro ben como custou facer as sinxelas páxinas ate o nº 7, sen medios e case sen xente

(“Cantar do irimego”), Lois Ferradás e Agustín Fernández Paz [Magdalena Mariño] (“A carón do lume”), con Alexandre Pumariño. No ano 83 sumouse á mancheta Daniel e, logo, Xosé Lois e Marta Sopena.

Pero chegamos ao primeiro aniversario (nº 52) sen deixar unha semana de saír. Nas páxinas do suplemento dicíamos: “Gratuito é o secreto que nos fai sobrevivir lembrando outras publicacións que morreron afogadas polas débedas (*Vagalume*, *Teima* ou *Man común*... Non se nomeaba *A Nosa Terra* porque aínda resistía). Unhas viñetas con coplas de Xosé Antón e debuxos meus dicían como se facía *Irimia*.

E logo ao número 100 (outubro 1983): “Despois de cen semanas..., imos indo”, dicíamos na portada. No editorial, titulado profeticamente

A cousa ten a súa historia



O proceso de elaboración da revista debuxado por Victorino Pérez para o número 100.

“Mentres chegamos ao mil”, dicíamos: “Cen veces... este esforzo organizado quixo informarte de cousas de interese que pasan ao noso derredor; cen veces quixo levarche con vida e frescura a palabra de Deus en Xesús... e fíxoche compañía para falar contigo”.

Ademais da pequena mesa de redacción, había outros colaboradores, sobre todo curas, número que foi medrando logo con laicos: o propio Raña, Eladio Vega, Eliseo Miguélez, Manolo Cillero, Francisco Mariño, Benito Méndez... Algúns destes e dos colaboradores que virían logo xa finaron: Eladio Vega, Paco de Aguiño, monseñor Araujo, Moncho Valcarce, Gandoy, Cillero, Tintxu, Bernardo G. Cendán, Pepe Chao, X.

A mesa de redacción ampliou e estabilizouse; alternando entre Vilalba, Lagoa, Romariz, Muimenta e Xove

Alvilares, F. Carballo, Espiña, Agustín Bueno, Agustín Fernández Paz, X.M. Carballo...

As portadas e as ilustracións do interior facíaa eu debuxando ou con montaxes e fotocopias dos xornais, pois non tiñamos a posibilidade de poñer fotos orixinais por falta do tratamento gráfico para a impresión. No interior fan, ás veces, deseños doutros debuxantes, sobre todo Siro e algúns

humoristas; pero acabou imponéndose Xosé Lois, “O Carrabouxo”.

Nesta primeira etapa da revista, aparte das habituais seccións xa nomeadas, publicabamos de cando en vez uns especiais de catro páxinas: 1. Axuntamentos (nº 78); 2. Galicia (nº 90); 3. Especial nº 100, 4. Nicaragua (nº 108); 5. Nadal (nº 112); 6. ¿Quen paga a crise? I, os labregos (nº 118); 7. ¿Quen paga a crise? II, a clase obreira (nº 125); 8. Por que mataron a Xesús (nº 128); 9. Día de San Cidre

(nº 132); 10. A tortura (nº 137); 11. Os nenos marxinaados (nº 158).

A II época: Formato grande con máis páxinas, número 168 (1985) e seguintes

A primeira *Irimia* semellaba una folia parroquial ou un fanzine revolucionario. Sen esquecer o aspecto relixioso como revista “de crentes galegos”, traía a vida de cada día: o traballo e o lecer, as loitas, penas e ledicias, a cultura e a política, Galiza... cunha aposta revolucionaria. Pero facíase necesario un salto; precisabamos máis espazo e chegar a máis xente. Fomos cavilando, vendo as nosas capacidades, botando contas... Queríamos medrar, pero non queríamos morrer nun intento ambicioso de máis. Con esta idea, preparamos un número especial, que viu a luz a finais de 1984; a pesar de saír cunha portada esvaída, fixemos algúns exemplares máis para a difusión nos medios de comunicación e noutra xente. A finais de xaneiro de 1985 publicamos o número correlativo co derradeiro da etapa en formato pequeno; foi o 168, seguindo a publicación semanal con doce páxinas. “Ou medra ou morre –dicíase no especial-. En *Irimia* tomamos moi en serio este reto... Sen traicionar os nosos plantexamentos populares, quer-



Mesa de redacción do ano 1987 (Cambre). De esquerda a dereita: Victorino Pérez, Xosé Lois Vilar, Manolo Regal, Xosé Antón Miguélez, Marta Sopena e Daniel López. Acompáñanos Ana Giménez e Tareixa Regal (segunda e cuarta pola dereita, respectivamente).

emos ofrecer un mellor produto e a vella *Irimia* quedábasenos pequena.”

A mesa de redacción ampliouse e fíxose máis estable; alternando o encontro semanal entre Vilalba, Lagoa-Pastoriza, Romariz-Abadin, Muimenta e, logo, Xove; onde estamos os da redacción. Seguimos sen ordenadores e mesmo sen teléfono, pero activos e creativos. Os colaboradores foron medrando; algúns, de xeito máis habitual, como Paulino P. Mendaña, A. Miramontes, Tintxu, Francisco Carballo, Monseñor Araújo... ou colectivos como Vangarda Obreira, A Rella ou Esmorga. E tamén outros colaboradores ocasionais, como as egrexias plumas de Miguel Suárez Abel, Marica Campo, Suso de Toro ou Manolo Rivas.

A pesar da subida do prezo, medraron os subscritores; con iso e con algo de

No nº 300 puxemos a Rosalía na portada cunha ousada frase: “Galiza é máis Galiza con Irimia que sen ela”

publicidade garantimos a continuidade. Co tratamento das fotos cando pasou a imprimirse en Gráficas Bao de Lugo en 1986 (nº 196), puidemos publicar con calidade fotografías propias ou tomadas de aquí e acolá, algunhas mercadas a fotógrafos de prestixio, como Xurxo Lobato; xa non houbo que acudir tanto ao debuxo, que lle daba un ar excesivamente caseiro á revista.

Co comezo de ano de 1987 (nº 257), o semanario pasou a ser revista quincenal. “Irimia ¿cantos anos máis?”, preguntámonos no editorial; recoñeciamos que xa tiñamos un lugar na

historia do periodismo galego, pero o cambio de periodicidade e a subida de prezo era obrigado para evitar chegar a unha situación sen saída. Primeiro seguiron as 12 páxinas, pero en anos sucesivos irían ampliándose.

E chegou o nº 300 (1988); puxemos a Rosalía na portada e nos seus beizos unha ousada frase: “Galiza é máis Galiza con *Irimia* que sen ela”; “para nós foi sacrificio e regalo, cruz e resurrección”, dicíamos no editorial. No 500 (1997) volvíñ escribir unhas liñas a petición da nova mesa de redacción, pois xa deixara a dirección había tempo: “Aquel era o vagalume que resistiu”; podíamos dicir que xa non eramos só “promesa”, senón realidade: a dunha publicación galega que chegara a un número ao que moi poucas publicacións en galego chegaran. “Non só eramos galeguistas -dicía-, senón que tamén eramos crentes, cristiáns, e mesmo católicos. Non excluíamos a ninguén..., pero non ocultabamos a nosa identidade”. No 700 (2005), con ocasión dos 25 anos, escribín: “Coma nos tempos da seca de Elías, nunca faltou o pan e o aceite na artesa, para alimentar o lume do vello proxecto, a pesar dos momentos de cansazo e desalento”.

En fin, no nº 900 (2014) facíame a pregunta “E agora que?”: “O futuro preséntase entre as luces da ilusión




Ilustración do número 300 (outubro de 1988) na que se representa a “xeografía de *Irimia*”, os lugares nos que a revista “é lida e as máis das veces estimada”.

da xente nova que traballa agora nela, e a escuridade pola dificultade actual das publicacións impresas... *Irimia* pasou de ser unha publicación popular, pensada para xente que tiña pouco acceso a outros medios escritos..., a ser a revista-boletín dun sector progresista da igrexa galega... e dun colectivo social pacificamente antisistema... O futuro debe supor tamén un cambio..., sería mellor unha publicación mensual, con algunhas páxinas máis”.

Esa teima miña vaise facer agora realidade, imposta polas circunstancias. Poderá garantir outros mil números máis? Deus dirá.



Mesa de redacción do ano 1989 (Xove). De esquerda a dereita: Xosé Lois Vilar, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Victorino Pérez, Alfonso Blanco e Marta Sopeña.



Pois un pouco para nós debeu ser, que chegamos ao mil.



A cousa ten a súa historia

1000 primaveras de militancia menciñeira

Daniel López Muñoz

“Eu quixen e quero que a fala galega durase e continuase, porque a duración da fala é a única posibilidade de que nós duremos como pobo. [...] Se de min algún día, despois de morto, se quixese facer un eloxio, e eu estivese dando herba na terra nosa, podería dicir a miña lápida: "Ei quí xaz alguén que coa súa obra fixo que Galicia durase mil primaveras máis".

Álvaro Cunqueiro, Vigo, 1980



Tertulia co gallo do número 500 (febreiro de 1997) no local que ocupaba a revista na casa de Carmela e Agustín. De esquerda a dereita: Daniel López, Ana Giménez, Sole González, Xosé Lois Vilar, Rubén Rivas e Beatriz García Turnes.

A cada quen o seu; iso das 1000 primaveras estivo ben falado polo menciñeiro maior do Reino. Pois logo, velaí vai, parafraseando a Cunqueiro: que cando esteamos dando herba na nosa terra se diga de nós que axudamos na causa das mil primaveras. Sempre aprendendo. E aí van logo eses mil aloumiños en forma de revista que quixo e quere ser aprendiz de menciñeira para esta terra nosa, para as bochas do camiño e para a “histórica ferida” que cantaba Pepe Chao. Na escola de menciñeiras, logo, e tamén na escola daquelas mulleres que viron vida nova onde outros só vían derrota; na da voda aquela na que os esfarrapados toman asento principal poñendo o mundo do revés e, cando cómpre -que cómpre ben veces-, na escola do látego que pon no seu sitio a negociantes e caralavadas. Algo así.

A mudanza: camiñando a Compostela

Despois de case 10 anos, a revista comezou a facerse en Santiago.

Para os que dabamos continuidade á mesa de redacción, o primeiro de todo foi agradecer a volta ao traballo presencial de Pepe Chao. Era moita regalía. Nos seus 60 anos estaba nun momento fantástico de creación, de impulso, de orixinalidade.

A transición na mesa e nos colaboradores foi suave. O lugar era o máis condicionante. De feito Vitorino P. Prieto estivo un ano extra de director logo da mudanza a Compostela, a pesar da súa porfía no relevo. Foi no número 392, no verán do 92.

O lugar – en principio na casa de Carmela Capeáns e Agustín Bueno, no Castiñeiriño- tamén foi unha oportunidade: fixo posible renovar a mesa con Beatriz García Turnes, Luís Aldegunde, Mariano Guizán e Luciano Pena. Tamén formou parte da mesa

Carmela Iglesias, e -cun traballo máis a distancia- Xabier Losada e Severino Xestoso, este último especialista no mundo da pesca.

Despois dun ano compostelán, a directora pasou a ser Carme Puente, mestra, e o editorial daquel número agradecía ao director cesante, o noso benquerido Tori, todo o esforzo realizado:

“Vitorino Pérez non é galego de nacemento, senón de adopción. Optou pola galegitude e por un cristianismo esixente... Sen o equipo que el coordinou - pero sobre todo sen el mesmo -, a nosa revista non sería posible. Son moitas horas literalmente queimadas a carón dunha lareira na que ardía a xenerosidade. Despois de dez cumpridos anos, o equipo que formaba a Mesa de Redacción pediu un xustificado relevo, aínda que concedido de mala gana... Comprendermos ben as razóns que o levan a tomar esa determinación non sendo a



Lidia Campos corrixindo na mesa que ocupaba a redacción na rúa Camiño dos Vilares (Santiago de Compostela).

menor delas a distancia xeográfica... Non resulta moi elegante que *Irimia* fale de si mesma pero nesta caso había que deixar ao lado o pudor, por motivos de estrita xustiza e de elemental gratitude?”

Riamos moito, máis da metade do tempo. O culpable principal era Chao, pero o resto non lle andabamos atrás

Pedro Pedrouzo incorpórase ao pouco tempo e axuda a poñer algo de orde naquel caos creativo, naquel trebón de ideas. Riamos moito, moito, ben máis da metade do tempo. A directora estaba desconcertada, pero acabou entrando. O culpable principal era Pepe, pero o resto non lle andabamos atrás. No Castiñeiríño compartiamos espazo vital e laboral co que despois demostrou ser uns dos

mellores artistas da banda deseñada de Galicia, Fran Bueno, ao que conseguimos arrincarlle algunha colaboración gráfica (pouca cousa, era duro de roer). Estabamos inventando o *co-working*, pero non o sabiamos.

500 números era unha enormidade

Pouco antes do número 500, xa en 1997, soprou de novo aire fresco –da serra da Corda e de Terra de Montes– e incorporáronse á Mesa Rubén Ri-

vas e Lidia Campos Chan. Xa eramos máis a parolar, a enredar e traballar... ou ao revés, por Carmen, que era a única persoa seria do grupo.

No número 500 fixemos un especial “sepia” dentro do número ordinario. Un artigo de Mariano Guizán para contextualizar *Irimia*, outro de Tori sobre as orixes e unha mesa redonda en cas Carmela - con X. Lois Vilar, Tintxu, Beatriz G. Turnes, Marta Sopeña, Sole, Carmela e Rubén Rivas = que me tocou moderar e que paga a pena reler. A cousa remataba cun iluso: “Vémonos no número 1000” (e aquí andamos). Tamén houbera unha mancha de cartas da xente.

Hai varios clásicos desas épocas. Un era aquela “maqueta”: “Luciano, fas a maqueta?” E Luciano collía un lapis e catro folios en branco que, ao pregarse con maña, pasaban a ser as 16 páxinas de *Irimia*: En cada páxina, un garabato, un par de caixas de texto, uns títulos e algún aviso para a imprenta. É mágoa non telas gardado. Nun momento dado colleu Pedrouzo o relevo do oficio de maquetista. A maqueta ía á imprenta Minerva xunto cos textos e as fotos.



Mesa de redacción na casa de Rubén e Lidia, na rúa Salgueiríños de Abaixo (Santiago de Compostela) no ano 1999. De esquerda a dereita, Daniel López, Ana Giménez e Carmen Puente, directora, por aquel entón, da revista.

A cousa ten a súa historia



De esquerda a dereita: Pedro Pedrouzo, Luis Gómez Aldegunde, Daniel López e, de costas, Pablo Mougán na rúa Salgueiriños de Abaixo (Santiago de Compostela) no ano 1999.

As fotos. Esa era outra: o “arquivo gráfico”. Moito nivel. Nunha caixa de zapatos había un lote de fotos diversas en calidade e orixe, eran as non clasificadas. Noutro arquivo colgante, legado de Vitorino, penduraban uns cartafoles clasificados: ecoloxía, sindical, agro, política, igrexa, humor... Chegou a haber unha radiografía dorsal. Trouxéraa un día Mariano Guizán. Entrou e dixo: “Xa tou farto con iso de que falta a columna de Mariano. Aí vos vai?”

Hai outra imaxe inesquecible, aquela de Carme Puente sentanda co cigarro e o café diante e lendo o editorial, para o que tiña que tapar un ollo, polo seu particular problema ocular. Daba o ok. E así, a medio ollo, saía a cousa adiante.

Despois do Castiñeiriño a mesa migrou ao piso de Rubén e Lidia, primeiro no Camiño dos Vilares, e despois en Salgueiriños. Foi moi relevante a mellora de deseño e maquetación que se produce no número 531, en maio de 1998, polo traballo de Jorge Riveiro. Houbo algunha incorporación fugaz, algunha extremadamente fugaz, pero foise consolidando un núcleo estable cunha resiliencia granítica. E así entramos rachando no novo milenio.

A tropa de Pancho Villa

Resulta difícil meter tanta historia en tan pouco sitio.

Comezando 2001, Carme Puente deixa oficialmente a dirección de *Irimia*. Era o número 540, só faltaban logo 460 para vernos no 1000. Na mesa: Pedro Pedrouzo, Rubén Rivas, Daniel López, Mariano Guizán, Lidia

Visto que a cousa a coro funcionaba, decidimos pasar ao modo *assemblea permanente* e quedar sen dirección

Campos, Luis G. Aldegunde, Luciano Pena e Sara Quiñones. En realidade, Carme xa levaba un tempo ausente por cousa da saúde. E, visto que a cousa a coro funcionaba, decidimos quedar sen dirección. Pasamos ao modo *assemblea permanente* e a demostrar que hai vida máis aló das di-

reccións. Nun momento dado, Rubén, unha mente organizada, espetou na mesa: “Isto parece a tropa de Pancho Villa”. E así nos pasamos a chamar entre nosoutros, sen sabermos exactamente onde estaba o tal Pancho, ao que tamén chamabamos o “líder Ádego”, por quen tiñamos morriñas e señardades.

E así fomos coordinando en plan cooperativo asembleario e teño que recoñecer, ao facer un repaso de toda a colección de *Irimia*, que aqueles números de 2001 e 2002 marcan o mellor nivel na historia da revista: non en mérito, pero si en deseño, equilibrio, variedade, amenidade. Lense agora moi, moi ben.

Entre 2004 e 2008 a revista faise na parroquia de Figueiras na casa de Manolo Turnes e Belén Caballo, aos que captamos para a redacción. En realidade Manolo xa se incorporara antes de maneira regular, dado que houbo que substituír a alguén que decidira marchar de correspondente de *Irimia* a algún sitio inverosímil de África. *Irimia* globalízase polo sur e xente como Lines Salgado e María



Mesa de redacción en Figueiras, na casa de Manolo G. Turnes e Belén Caballo. De esquerda a dereita: Pedro Pedrouzo, Rubén Rivas e Lines Salgado.

bles de Aldegunde, do ollo supervisor de Carme, dos *estreses* de Rubén e da columna de Mariano.

E xa, como quen di, falamos de antonte, e de onte, e de hoxe, nada que non recordedes, como aquela serie de crónicas de Alfonso Mascuñana desde Lesbos ou as de agora mesmo desde Nicaragua. Globalización sureña.

O caso é que a tropa foi chegando aquí. Algo fariamos. Disque fomos un acompañamento, un alento. Que ben! Que axudamos a manter luciñas acesas. Que demos voz a causas perdidas, esas que pagan a pena (e isto é super cristián e super esquerdo a un tempo, irimego 100 %). Que botamos unha man na angueira colectiva das 1000 primaveras máis, con tanta xente boa e xenerosa, multicolor e esperanzada. Que seica fomos para algúns e algunhas unha especie de “sacramento de confirmación” semanal, logo quincenal. E unha axudiña para o sentido, para o criterio, para non tirar a toalla. Pois se tal, ...bendito esforzo. Nada sería posible sen toda esa xente marabillosa que citei aquí e todos os colaboradores e colaboradoras que noutro sitio deste número se citan. Bicos e grazas.

López enriquecen a Mesa de redacción.

A tropa foi indo e facendo algunha fichaxe por sorpresa, de calidade, das que permanecen, como é o caso de José Antonio Martínez, que, entre outras marabillas, coordinou a sección Boa Nova os últimos dez anos. A mesa seguiu o seu itinerario e fíxo-

se na nosa casa de Compostela por un tempo, co café e calor de Ana.

Despois pasamos á mesa virtual. Telet traballo por internet. É moi eficaz, pero máis frío. Sempre teremos a lembranza viva do biscoito negrito de Lidia, das tortillas de Cloti, de Sari e de Ana, dos pementos asados da horta de Manolo, dos retruques impaga-

Disque fomos un acompañamento, un alento. Que axudamos a manter luciñas acesas. Que ben!



Selfie da actual mesa de redacción (falta José Antonio Martínez) durante unha cea en marzo do 2018.

Nas seguintes páxinas faise memoria dunha mostra de sitios e procesos especialmente significativos e benqueridos que forman parte da historia da revista e, en xeral, de Irimia como horizonte común, como colectivo e movemento de persoas concretas. Son lugares, comunidades humanas, experiencias levadas adiante da man de xente que formou parte dos nosos contidos e angueiras, procesos que apoiamos, dos que aprendemos. Son unha boa mostra da historia práctica de Irimia e tamén da súa historia sentimental.

Facendo a Irimia que nos facía

Manuel Regal Ledo [Romariz-Abadín-Lugo]

Era o ano 81. *Irimia* andaba de estrea e un grupo de persoas, que por director tiñamos a Victorino, encargábase de que cada oito días chegase ás mans dos subscritores, homes e mulleres do campo maiormente. *Irimia* era cada semana coma un pan recente que se amasaba a diario na vida compartida coa veciñanza, que se tendía no esforzo individual por lle dar feitura gráfica e literaria e que se metía no forno e se volvía pan saboroso nas xuntanzas semanais habidas na casa de Cloti, forneira maior, en Vilalba.

Nós faciamos *Irimia* e *Irimia* facíanos a nós. Porque *Irimia* era moito máis ca un proxecto literario. Detrás dela, en Romariz, estabamos Xosé Antón Miguélez, quen isto escribe e, algo máis adiante, Tareixa Ledo e as monxas de Abadín, Rosa, Paquita e Esperanza, substituída, tras a súa morte accidental, por Izaskun.

Vitorino facíanos as beiras por terras de tras da Corda. Estabamos nós e estaba o pobo: homes e mulleres, xente vella, xente nova, que se estaba namorando dunha maneira simple de entender e vivir as cousas de Deus, as cousas de Xesús, desde o corazón da vida, ao servizo da vida de quen Deus máis quere, a xente que pouco ou nada conta: María da Mesiana, Aniceto, Ricardo, Xesús do Casave-lla, Herminia do Xeadá, Dourino do Civil, etc.

Era unha nova maneira de vivir a fe que Deus estaba suscitando no medio de nós. *Irimia* era a testemuña semanal. E a xente abríamos os ollos, mobilizábase, descubrindo as nosas grandezas e miserias. Tempo de sementeira, da que aínda hoxe se recollen os froitos.



Acompañados por *Irimia*

Miguel Fernández Blanco

[Foro Galego da Inmigración-Santiago de Compostela]

No ano 2003 comezou a historia do Foro de Inmigración en Compostela, que logo se estendeu ao resto do país. A orixe

foi moi simple: empezaron a chegar polos nosos despachos persoas doutras nacionalidades que viñan buscarse a vida aquí. Antes, no ano 1997, cun grupo de activistas e entidades, botamos a andar unha plataforma polo emprego, que pretendía buscar novos camiños de inserción laboral para as persoas que máis difícil o tiñan. Nestas experiencias, o factor cristián de base con compromiso socio-político, que proviña ou se achegaba a *Irimia*, máis o factor non cristián, igualmente comprometido e respectable, foron elementos fundamentais e en diálogo práctico.

Irimia foi tamén espazo de acollida de informacións e reportaxes destas experiencias, coincidindo con eses momentos fortes que tiñan que ver con cambios legislativos, as nosas iniciativas máis importantes, as lamentablemente grandes perdas de vidas humanas, entre outras. As últimas e máis recentes tiveron que ver coa explosión do fenómeno das persoas refuxiadas en territorio europeo.

Irimia acompañou a nosa historia porque creo que comparte con estas nosas experiencias a convicción da necesidade de superar a mera asistencia solidaria ás persoas empobrecidas, polas dinámicas comunitarias e sociais de transformación socio-política que loiten contra a raíz fonda das inxustizas. En definitiva, compartimos a Utopía do Reino e a Utopía da Xustiza socio-económica, o que nos dará “choio” seguro para os seguintes mil números de *Irimia*.



Irimia, Ferrolterra e o cárcere de Teixeira

Nieves Espiñeira Medín [Ferrol]

Coñecín Irimia (revista, Festa do Lume, romaxe, etc.) e á súa xente da man de Xaquín Campo Freire. A miña primeira: 2001, Allariz, Ourense: “O Arnoia pasou cantando: Fun soa. Non falaba galego. Agora, que ledicia sentir e querer a Galiza! Vai na miña alma. Vaia se cantou o Arnoia! Que a miña fe, a implicación cos máis débiles e saber mirar como faría Xesús é algo que aprendo e lles intento transmitir acotío aos demais.

Este ano fomos 45 persoas de Ferrolterra. Para quince delas, foi a primeira vez. Renace moi activamente o entusiasmo nestas contornas.

Desde Ferrol, o voluntariado no cárcere de Teixeira promoveu o iren á Romaxe de Penas de Rodas un grupo de internos. E este ano, outros doce reclusos. Xa levan dúas. É moi difícil conseguir permisos do Ministerio do Interior. Preguntan ansiosos pola tercei-

ra. Tanto é o ben que lles fai! E a nós tamén. Acompañan sempre catro funcionarios. Na institución hai un ambiente moi favorábel a todo o de *Irimia*.

A revista *Irimia* achéganos á realidade da xente do noso pobo a colectivos que traballan por unha vida máis xusta e igual dos nosos irmáns doutros mundos. Saber que a nosa fe en Deus, a nosa cultura e a nosa fala non teñen por que estar rifadas nin de costas, é unha verdadeira regalía. Número 1000! Grazas, redacción! Sempre arreo. Sen descanso. Sen intereses económicos.

Así é a xente desta gran familia de *Irimia*. Grazas



Sementeira para o cambio

Valentín Rivas García [Lagoa-A Pastoriza-Lugo]

O contacto coa revista foi a traves de D. Victorino Pérez Prieto, daquela párroco de Lagoa e, aínda que naqueles primeiros momentos non me fixen subscritor, foi pouco despois cando a vin interesante. Sendo D. Victorino director de *Irimia*, organizáronse unhas xornadas agrarias que se desenvolveron durante catro semanas. Había dúas conferencias cada semana, impartidas por axentes de extensión agraria, como Lorenzo Molejón ou Antonio Fernández Oca, e de desenvolvemento gandeiro, como Eloi Villada (che-gou mesmo a participar quen despois sería conselleiro de agricultura no goberno tripartito, Francisco Sineiro). Tamén participaron investigadores do centro de Mabegondo, veterinarios e médicos.

Falábase da preparación de pradeiras, do abonado, do uso dos insecticidas, do posterior ensilado, da conservación de forraxes... A estas xornadas asistía tanta xente da parroquia de Lagoa e das parroquias dos arredores que o teleclub veciñal facíase pequeno.

Froito destas xornadas retomouse un proxecto que xa dera os seus primeiros pasos, pero coa axuda de D. Victorino e os de Extensión de Agraria botou a andar definitivamente: unha cooperativa. Foi así como naceu a actual Cooperativa “O CAXIGO” que hoxe, con 35 anos de vida, ten as súas instalacións e almacéns na parroquia veciña de Vian e conta con 100 socios. Haberá uns seis anos que sete socios decidiron xuntar as súas explotacións nunha única, dando lugar á SAT CREXAL, que ten as súas naves na parroquia de Lagoa. Do que se sementou hai tanto anos aínda hoxe abrollan novos proxectos!



ABERTAL, Campo aberto en man común sen lindes nin fronteiras

Alejandra de la Iglesia Mallo [Vigo]

Abertal, campo aberto en man común sen lindes nin fronteiras, nome suxerinte que se lle ocorría aos primeiros e ás primeiras que andaron por aquí xunto co primeiro director salesiano do centro xuvenil, Pacheco. Co nome da nosa asociación entrevíase a predilección por un proxecto no que a mocidade sería a protagonista do cambio, acompañante doutras tantas persoas. Como ben dicía Don Bosco, coa mocidade e para a mocidade, pero, sobre todo, coa que máis apoio precisa. E nesas estamos, contaxiando inquedanzas algo adormecidas na sociedade actual; empoderando as persoas no seu tempo libre, contribuíndo á educación e promoción integral dos nenos, nenas, adolescentes,



mozos e mozas, desde o que estamos totalmente convencidas, pódese acoller e contribuír a facer realidade neste mundo o Reinado de Deus.

Unha das apostas actuais céntrase no proxecto *Voluntárate* no que, aproveitando a necesidade de apoiar proxectos xa existentes para dotalos de calidade, pola atención, de preto, pola proposta educativa, mestúrase a proposta de facer unha acollida a persoas que preguntan por unha oferta de voluntariado e un acompañamento de tal experiencia.

Non podemos deixar de mencionar as actividades destinadas á sensibilización e fomento do voluntariado social e á formación das persoas voluntarias que se incorporan aos programas da asociación. Organizamos e acompañamos as primeiras experiencias de voluntariado, formacións, actividades lúdicas e de lecer, etc. porque somos escola práctica de animación de xeito cotián nas actividades que desenvolvemos (no campamento urbano, nas actividades semanais, etc.).

Compartindo con *Irimia* a experiencia crente, a opción pola lingua e a cultura galega, a opción preferencial polas persoas en situación máis desfavorecida e moito máis, xa estamos a piques de celebrar os corenta anos de traxectoria.



Muimenta da Terra Chá, unha xente que engaiola

Sabela Singala e Carlos Montero [Muimenta-Lugo]

Corría o mes de setembro de 1983. Sabela, con 17 anos *descubría Irimia* participando na VI Romaxe no Monte Aloia. Dezaioito meses despois, Carlos, obxector de conciencia, *descubría* a Asociación Irimia desenvolvendo no seu seo un servizo de carácter social.

En setembro de 1985, na "Acampada da Mocidade" previa á VIII Romaxe, en Lobadiz, *descubríanse* Carlos e Sabela, comezando, a partir de aí, a súa andaina en común.

Como non podía ser doutro xeito, crearon o seu fogar a escasos quilómetros do Pedregal de Irimia, lugar no que abrollan as primeiras augas do Pai Miño e onde nace, tamén, a primeira das romaxes irimegas.

Nese curruncho da chaira, en Muimenta, foron acollidos por unha comunidade de xente boa e xenerosa coa que cada día seguen aprendendo a construír unha sociedade algo máis xusta e pacífica. Se algo



caracteriza este pequeno lugar é o traballo comunitario e desinteresado da súa veciñanza, que os leva a conseguir, pasiño a pasiño, grandes logros. O último deles a rehabilitación dunha escola de principios do século XX e da súa igrexa románica, hoxe convertidas en conxunto etnográfico grazas ao traballo, entrega e ilusión das súas xentes.

Iso e máis conséguese convivindo en comunión xente maior orgullosa do seu, persoas novas comprometidas e unha infancia feliz e disposta a coller o relevo xeracional que lle ofrecen os seus maiores.

Son unha clara mostra das palabras de Galeano: "Moita xente pequena, en lugares pequenos, facendo cousas pequenas... é quen de mudar o mundo?"

Mil primaveras máis para *Irimia*!



O desconecting das Romaxes

Pepe Dopico [Betanzos]



Comezaba setembro daquel ano. Eu estaba na miña lancha pescando aló nas augas da Marola, axexando en silencio e esperando a picada, cando xurdiu a idea de ir ao Faro de Chantada para ver que era iso da “Romaxe” que días antes lera na prensa. Que era iso? E foi alí mesmo cando decidín ir. Eran 100 quilómetros. E chegado o día, aló marchei soño.

Cando cheguei ao Faro, quedei tan abraiado por tal cantidade de autocares e turismos... como aquel que ía camiño de Damasco. Tal foi o impacto. Achegueime á multitude ante un palco fronte ao santuario onde proclamaban “.. de Ferrol, dous autocares; de Aguiño, catro autocares...”; e así...

Concluído o saúdo, empezou a celebrarse alí mesmo a misa. Tanto me gustou, que ata bailei a Rumboia con tanta xente. O celebrante era un tal Manolo Regal. Xantei cunha familia de Ferrol, sentados na herba, compartindo sobre manteis, tendo eu unhas fanecas fritidas. Baixei do monte encantado por todo e tanta mocidade.

Desde entón veño participando. As Romaxes son para min algo moi importante, recibindo *Irimia*, que leo con interese e con predilección. Así é como me fun familiarizando con tantas persoas e asistindo cada ano á festa da Candeloria, da Luz e do Lume, mentres foi en Galegos. Todo isto marcóme. Por iso hai que estar agradecido e “ergo os meus ollos”. Por iso, polo oitavo de setembro subo só, como Moisés, ao Monte Faro.

Parabéns a *Irimia*, aos seus redactores e colaboradores
Un afectuoso saúdo para a xente tan boa



Un afectuoso saúdo para a xente tan boa



Coia, parroquia viva nun barrio vivo

Manolo Sordo [Cristo da Vitoria-Vigo]

A vinculación da Parroquia do Cristo da Vitoria de Vigo a *Irimia* remóntase á Primeira Romaxe de Crentes Galegos, no Pedregal de *Irimia*. Alí renacemos como galegos un bo grupo da nosa comunidade e alí renaceu a nosa galegitude.

Desde entón foi constante a nosa participación nas actividades de *Irimia*: revista, romaxes, cruceiriños, festas do lume... O noso compromiso con *Irimia* traducíuse tamén na presenza dun representante da nosa comunidade na súa directiva, colaborando en diversas tarefas organizativas e de xestión.

Con comunidades de Porriño, Tui e Vigo participamos na organización da Romaxe do Monte Aloia, onde tivemos a honra de contar co ilustre xesuíta Xaime Seixas,

pioneiro da liturxia en galego. O mesmo lema da Romaxe (“O Miño non separa”) comunicábanos tamén a participación de comunidades de base do norte de Portugal.

Recentemente a nosa parroquia participou, xunto con outros grupos de Vigo, na organización da romaxe que se levou a cabo en Beade-Vigo, no ano 2017.

É moito o que debemos a esa nosa vinculación: a nosa galegitude expresada na liturxia, os nosos cantos nas celebracións e a comunicación co barrio de vivencias tidas no marco de *Irimia*. Temos que confesar que “o noso pai galego” e o “credo galego” son os cantos máis repetidos na nosa parroquia e debémollos a *Irimia*.

Moitas grazas por todo o que nos achegastes e feliz 1000 aniversario.

Unha aperta irimega





Con Pepe Chao arredor da causa de Ramón Sampedro

José Bernardo Vila Cameán, “Pepe de Vilas”
[Xuño-Porto do Son]

O meu primeiro contacto con *Irimia* foi en 1998. A raíz da morte de Ramón Sampedro publícase o seu libro de poemas *Cando eu caía*. No Día das Letras Galegas a editorial Xerais fai a súa presentación no Porto do Son. Acoden Manuel Bragado (editor), Ernesto Chao (actor), Manuel Rivas (escritor) e tamén Xosé Chao Rego. A min, como amigo moi achegado de Ramón, pídeseme que conte algo del. Non afeito a estes lances, escribo, cun algo de desacougo, o que para min fora o sentir de Ramón. Diante, en primeira fila, Chao Rego. Percibo nel paz e sosego. Leo, unha miguiña nervioso, e ao remate

aplausos e parabéns. Cando conclúe o acto vou na procura de Chao. Engaíoloume a súa paz e cercanía: “Gustaríame publicar na revista *Irimia* a lectura que fixeches, podo?” “Si, claro, favor que me fas. Pásocho.” Apareceu máis tarde nas *Irimias* 593 e 594 do 2000 e 2001¹.

Un ano despois, 1999, celébrase a romaxe en Baroña. A primeira á que vou. Sentín alí algo que esperaba había tempo. Entendín a palabra de Xesús. Estaba alí, con todos nós. Non puideron asistir a moitas romaxes, pero ás que tiven o privilexio de acudir, foron profundas, vividas coma o que son para min: a festa, a alegría de estar ben acompañado sentindo o amor de Xesús en todos osromeiros e coa inesquecible presenza de don Paco de Aguiño, Chao Rego... e tantos.



1 - Xa no 1994, nº 447, publicara *Irimia* unha entrevista a Ramón Sampedro. Ramón morrería no 1998 reivindicando o dereito á eutanasia.

Unha rede con alma

Teresa Souto Loira [Santo Tomé-Marín]

Irimia é unha xuntanza de xente de ben, con ilusións e lembranzas comúns. As persoas amantes do papel gozamos da Revista *Irimia*, das súas páxinas en branco e azul, dos artigos, das seccións, das reflexións das persoas colaboradoras. Páxinas con alma, con espiritualidade, inquedanzas, boas novas, aprendizaxe, crítica construtiva, fotos que falan, ecos e palabras.

Coñecín *Irimia* na miña parroquia de S. Tomé de Piñeiro, en Marín, grazas a Rubén Aramburu, que chegou como párroco en decembro do 99. A miña primeira romaxe, Camposancos, no 2002. Descubríñ que *Irimia* era algo diferente, era esa xuntanza de ledicia, de ideas e comunidade, e a Romaxe acabou converténdose nunha cita anual imprescindible: estar no posto de medallóns e libros, moitos anos xunto a Pablo, que sempre tiña todo organizado e listo; preparar a empanada que lle gusta a Senén, apertar a Xabi Blanco, ver medrar a Manuel e a Mariana, xogar con Sabeliña e Alejandra, bailar a Rumboia con Sarela, atoparse con Judit e Unai, convidar a nova xente a ir, unha xuntanza de familia. A revista lina por primeira vez na casa de Santomé, na de Rubén, sempre había “*Irimias*” dispoñibles.



O maior agradecemento para as persoas que fixeron isto posible: un número 1000, que impón respecto e afecto. Descoñezo cantas, sei que son moitísimas, todas elas tecendo camiños con palabra e acción.

Irimia é parte de nós, e nós somos parte dela, cando a lemos, cando compartimos artigos nas redes sociais, cando escribimos, cando falamos sobre ela, cando aprendemos algo novo ou lembramos algo vivido. Seguro que cada unha de nós ten seccións favoritas, polas que comeza. E cando ordenamos as “*Irimias*” gardadas, releemos e relembramos; que gusto dá!

Irimia é todo iso, xuntanza, movemento, encontro, comunidade, un tecido de moitos fíos de diversas cores e grosos, que xuntos forman algo familiar, amigable, cooperativo e próximo.



Utopías con raíz: Lodoselo, Prescolar na Casa....

Carmen e Toño [Centro de Desenvolvemento Rural de Lodoselo-Sarreaus-Ourense]

Comezar dicindo parabéns e grazas. Parabéns a *Irimia* e a todas e todos os que nos sentimos parte dela. Graciñas por contar con nós neste número 1000, como “territorio” da historia de *Irimia*.

Si, o destino, a sorte, o que está para un... sitúa os nosos comezos nunha casualidade, nun encontro. Madrid, revista *Encrucillada*, artigo de Manolo Regal sobre o Prescolar na Casa. De aquí

- a Abadín, na Semana Santa de 1985. Coincidencia que naquela casa se xuntase a mesa de redacción de *Irimia* na que estaban Marta e Xosé Lois (activos do Prescolar na Casa);
- a Lugo, onda o P. Gandoy;
- a Lodoselo (Sarreaus); para abrir o programa na comarca da Limia (desde Santa Mariña de Augasantas –Allariz- ata Camba -Laza).



Unha das directrices de Antonio Gandoy era traballar a dimensión comunitaria guiados pola vontade común de mellorar a vida cotiá, converter as necesidades en potencialidades e construír a utopía realizábel guiados pola máxima de que o que é necesario é posible.

Así, comezamos recuperando a escola e démoslle uso coa Asociación Cultural “O Cruceiro”: magosto, entroido... estudos dirixidos (D. Milani), educación de adultos...

Seguimos no 90 como Centro de Desenvolvemento Rural “O Viso” e COCEDER coa recuperación da casa reitoral. Cursos de educadores de tempo libre (grazas á Escola Alento), posta en marcha do Pobo escola (cunha portada en *Irimia* “**Enraizar na identidade**”), comedor comunitario. A túa outra casa (vivenda comunitaria tutelada), centro de inclusión (Symbios e o Trasno de *Irimia*)... Esperamos a vosa visita. Podedes ir vendo algo en www.cdoviso.org



Aguíño, unha casa para Irimia

Unai González Suárez (Asociación Francisco Lorenzo Mariño de Aguíño-Ribeira)

Aguíño e Irimia están irmandados desde o nacemento a través da unión perpetua de Paco e Chao, pois, como dicía este, todo empeza en 1966, nos Coloquios Europeos de Parroquias, onde se reuniron 16 cregos -ao ano seguinte 100- e onde Paco foi o primeiro en romper a falar galego, abríndolle os ollos a Pepe Chao, que o facía, ata ese momento, en castelán e por iso aquilo de que, como San Paulo, caeu da burra -e non do cabalo-, e comezou esta andaina. Así xorde un movemento de igrexa galega de base e nesa teima Aguíño, da man do noso párroco, sempre estivo presente.

Aguíño acolleu tres romaxes: a do 79, que ninguén quería facer despois da de Meira e das excomuñóns de cregos por parte do bispo de Ourense e as advertencias das demais dioceses, cun lema acorde co medio de vida de Aguíño pero tamén coa revolución social e

política do cristianismo no noso País, “Batidos polo mar”? Repetiría Paco en 1995, “Somos pedras vivas”; e continuaríamos nós coa asociación que leva o seu nome, en 2009, con aquela fermosa mensaxe de “Un mar de grazas”

Festas do Lume, Bienio Irmandiño, Romaxes... Sempre presentes os deste anaco de terra salgada, batida entre a Costa da Morte e a máis grande das rías, a de Arousa, e seguiremos aí alentando un proxecto tan fermoso, que cumpriu catro décadas, unha alfaia editorial que cumpre mil números, e unha comunidade da que orgullosamente nos sentimos parte. Aquí en Aguíño, como en 1979, sigue vixente aquel cartel que Paco escribira: “Irimigos, Aguíño é a vosa casa”. Saúde!







Xela G.
Cobalto

Irimia e as súas tendencias

Os que saben de comunicación din que somos un medio de “tendencia”. Aceptamos e matizamos: tendencias, si; tendenciosos, non. E para non sermos tendenciosos, o mellor é declarar, reflexionar e perfeccionar abertamente as nosas tendencias. Nestes tres artigos analízanse as tres patas que máis nos identifican: a nosa sensibilidade sociopolítica, unha sorte de eco-solidariedade desde abaixo; a nosa teoloxía “implícita”, que non é nada neutral nin celestial e a nosa paixón por esa regalía en perigo, a lingua galega, coa que somos coherentes.

Daquela houbo un concilio

Rubén Aramburu
Xabi Blanco

Non é posible unha boa praxe sen unha boa tese, nin un bo traballo pastoral sen unha teoloxía que o sustente. Irimia é moito máis ca unha revista; é unha canle de transmisión dun pensar e actuar desde unha teoloxía concreta pensada para achegar a revelación e o Evanxeo ás mulleres e homes da Galiza. Detrás de cada artigo, columna, entrevista, foto, poema, reportaxe... subxace a reflexión de moitas persoas que repensan en clave galega unhas formulacións ás veces alleas e lonxe da nosa cultura e do noso ser



Portada do número 357 (febreiro-marzo 1991)

Unha mudanza non sen tardanza

A mediados do século XX a Igrexa caeu na conta de que quedara detida no tempo, case no medievo. A linguaxe, os ritos, as declaracións pouco dicían a un mundo novo que xurdiu da Revolución Industrial e da terrible experiencia das dúas guerra mundiais. Entón foi o Concilio: O Concilio Ecuménico Vaticano II e mudou todo para sempre. Non temos moito espazo, pero sinalaremos algunhas das liñas que agromaron daquel encontro histórico:

- Tódolos cristiáns e cristiás, en virtude dos seu bautismo, son iguais, teñen a mesma dignidade aínda que, loxicamente, haxa distintas funcións. Deste xeito remata “oficialmente” a separación clérigos-leigos ou iso de cristiáns de primeira división e cristiáns de terceira división...
- A Igrexa ven se-la comunidade dos seguidores/as de Xesús que traba-

llan por construíren e estableceren o Reino na historia.

- A Igrexa é entendida coma comunidade, non coma pirámide.
- A autoridade dentro da Igrexa só ten sentido coma servizo á comunidade. Máis importante que determinada autoridade é a corresponsabilidade de tódolos membros.
- A liturxia debe ter tamén unha estruturación máis comunitaria e debe ser celebrada na lingua do pobo.
- A Biblia é o libro de tódolos cristiáns e cristiás, debe chegar a todos e todas. O Concilio pon a Biblia de

O Concilio Ecuménico Vaticano II mudou todo para sempre

novo nas mans do pobo, mans das que fora separada durante séculos.

- Cómpre aprender a interpretar ben a Biblia, a mensaxe que se nos quere transmitir, tendo en conta os xéneros literarios utilizados polos diversos autores e autoras.
- A Igrexa enténdese a si mesma coma serva da humanidade. A súa pretensión é servir á xente e ó mundo.
- Se os cristiáns non son fieis a Xesús e ó seu estilo de vida, eles e elas mesmas están promovendo o ateísmo, pois están “velando” a imaxe e a vontade de Deus no canto de “revelala”..
- En tódalas culturas e relixións hai presenza de Deus, “semina Cristi?” Remata así oficialmente unha concepción que identificaba todo o que non era Igrexa católica con erro, corrupción, etc.

- Co Concilio remata tamén o “eclesiocentrismo” e asúmese, polo menos teoricamente, o “reinocentrismo”: a Igrexa non é o máis importante. O importante é o Reino. A grandeza da Igrexa está en ser instrumento para que o Reino medre.

Na Galiza o cambio chegou con forza

O Concilio foi acollido con reticencias por unha parte do clero e tamén do laicado. Pero unha numerosa xeración de relixiosos novos con apoio dos leigos lanzouse con entusiasmo a pór en práctica estas ideas. Tamén na Galiza. E así logo do Concilio Pastoral de Galicia (1966) aparecen os Coloquios de Parroquias, A Romaxe, Boa Nova, *Irimia*, *Encrucillada*, as primeiras Comunidades de Base e



Portada do número 518 (novembro 1997)

Apostar por Deus supoñía traballar por lle devolver a dignidade a un pobo ferido

moitas outras accións en parroquias, conventos, colexios...

E co horizonte Galiza, un pobo historicamente mal-tratado, en primeiro lugar porque fora negado coma tal pobo: os seus homes tiveran que emigrar, as súas mulleres eran “viúvas de vivos”; a súa lingua desprezada ou utilizada coma motivo de burla máis ou menos consciente. Neste pobo, o soño de Deus era violado continuamente. Non quedaba outro remedio: apostar por Deus e polo seu soño de Irmandade dende Galicia supoñía traballar por lle devolver a dignidade a un pobo ferido e cunha grande dose de *autoodio*.

Fronte ós/ás que confundían (e aínda confunden) universalidade con uniformidade, moitos cristiáns e cristiás foron comprendendo que a verdadeira universalidade constrúese coa suma das dignidades de cada pobo, pois non hai pobos de segunda e pobos de primeira, nin culturas, nin linguas...

A recuperación histórica da figura de Xesús de Nazaré naqueles anos fíxolle comprender a moitos cristiáns que el pasara polo mundo facendo o ben, restituíndo vida, devolvéndolle a vida e a dignidade a tantas persoas que se sentían machucadas e desprezadas. Ser seguidor/a de Xesús en Galicia significaba inescusablemente empeñarse en recupera-la dignidade deste pobo que sufría “unha historia contada noutra lingua”.

Daquela moita xente descubriu que a liberación de Galicia non era só un concepto sociopolítico senón tamén

un concepto profundamente relixioso e cristián. Debémolles, ó noso parecer, as páxinas máis “evanxélicas” da Igrexa galega dos últimos decenios.

Irimia quixo responder a todo isto, e amosar camiños, experiencias, realidades comunitarias. Quixo ser tamén instrumento de formación para un cristianismo maiormente rural, campestre, mariñeiro e obreiro. Está é a tese e a praxe tras estes 1.000 números da revista que exerceu a profecía en mares ben difíciles e non sen ataques e desprezos.



Pepe Chao, irmán maior mestre sementador



Portada do número 935 (decembro 2015)

Irimia e as súas tendencias

A solidariedade desde abaixo. Os acentos sociopolíticos de *Irimia*

Xosé Lois Vilar Rodríguez

Era setembro do 81. Nunha estampa de banda deseñada un labrego lía a humilde publicación que sostíña na man. *Bue... a ver se isto é pra nós.*

Esta era a portada da *Irimia* número 0. Arrincaba así o teimudo soño, arrecendendo a terra e aldea e, poucas páxinas máis adiante, a sal. Oito cuartillas de letra mesta e miúda, con présa por dicilo todo no escaso espazo dispoñible.



Na contraportada o recanto de **A fala é camiño**, pequeno lugar de pulo, combate e debate a prol da lingua. Así, xa desde o comezo ata a de hoxe, onde aínda garda sitio, se ben con outro nome, **Falando da lingua**. Ao seu carón **O cantar do irimego**, mirada retranqueira do acontecer a golpe de rima e verso:

*Na Arxentina os militares
gobernan, desde oficinas
arruinando o país
e perdendo nas Malvinas*

*Quen resistiron, valentes
para ir a xustiza mantendo,
do mapa do país gaúcho
foron "desaparecendo"*

Nas outras páxinas a prédica explícita da **Boa Nova**, a tempo e a destempo, como dicía o apóstolo Pablo. Explícita, porque a outra, a pátina evanxélica implícita, asolágoa todo. **Parábo-las, A peneira, A carón do Lume**, son caneos en curto, prosa en columna, alustros sobre a realidade cotiá. E no medio **Terra e Xente**, a teima central, a dúas caras, por veces debate, por veces reflexión e de cando en vez... maxisterio.

A *Irimia* da loita labrega

Boa parte da redacción daquel **Semanario de Crentes Galegos**, collía vida en cociñas de casas labregas da Terra Chá ou dos Montes da Corda, a elevación que separa A Chaira da Mariña. Esta xeografía orixinaria explica ben que *a concentración parcelaria, as axudas aos agricultores mozos, a Lei de arrendamentos rústicos, a cota empresarial agraria, o estatuto do leite ou o daquela chamado Mercado Común Europeo...* enchesen de arrecendo labrego a cerna da publicación.

Porén, a mirada da leira, a contemplación en curto, non se fixo excluín-te nin exclusiva. Quizabes porque aquela *Irimia* terrea bebía tamén doutras prosas que agromaban por entre as liortas cidadás e vilegas e que traían suor obreira e cheiro de asfalto, *o conflito da Alúmina-Aluminio, a di-*

**A mirada da leira,
a contemplación
en curto, non se
fixo excluín-te nin
exclusiva**

solución do grupo empresarial Ascón, as dificultades de Intelsa, a reconversión de Citröen, a regulación laboral do servizo doméstico, o sindicalismo nacionalista... Chegaban estas novas da man de irimegos e irimiegas e mais de colaboracións viguesas, mariñás, coruñesas, ferrolás. Na contorna destas últimas a *Irimia* maquetábase. Nun prelo cativo pero ben ousado que se asentaba en Barallobre. Formas apoucadas que arroupaban grandes e fondas aspiracións. Un tecido de entregas e recollidas, coches de liña e particulares, facían que chegase a Sobrado, onde os monxes traballaban a impresión. Desde ese berce de espiritualidade espallábase a busca teolóxica inqueda e crítica, máis atenta ás manifestacións do espírito que á prédica maxisterial. Molesta cuña do mesmo pao, aínda que sempre a remar na barca de Pedro: *xuízo á igrexa galega, coloquio galego de cristiáns, Óscar Romero, pascua da mocidade, asemblea de catequistas, presentación do misal galego, leigos na igrexa: muller e feminismo, cantoral galego das celebracións, 170 teólogos críticos co goberno da igrexa.*



Portada do número 276 (outubro 1987)

Irimia diversa para unha comunidade diversificada

Esta disrupción leal segue a espallarse chegando a subscricións individuais e unha mancha de colectivos. Uns nados ao abeiro das parroquias; outros da parroquia a unha beira. Paisanaxe variada e plural.

Pasa a ser quincenal en xaneiro do 85 (nº 168), aumenta ata as 12 páxinas, xa en tamaño folio, e de cando en vez acompañanse dun suplemento de temática exclusiva na que afondar. Isto era o que ía, porque o que viña de volta traía unha corrente fecunda de iniciativas e empeños que daban a saber a súa existencia e labor desde as moitas bisbarras galegas: *asociacións culturais coma Xermolos ou Aquilino Iglesia Alvariño, cooperativas coma Santa Uxía do Monte ou Os Irmandiños, Xornadas Agrarias de Touro, Xornadas de Formación Popular de Lagoa e Romariz, movemento veciñal da cidade da Coruña, Universidade de Verán de Corcubión, Unión de comunidades de montes, Cantareliña, calendario escolar do colectivo Estiño, Axunica...*

Novas melodías disonantes na partitura ao uso fanse tamén oco na com-

posición patriarcal que interpreta a sociedade e, como non e de que maneira, a igrexa: *aborto si aborto non, a publicidade e as mulleres, leigos na igrexa: muller e feminismo, o sacerdocio das mulleres, mulleres teólogas...*

Unha fertilidade de voces que precisan de máis espazo. Daquela, en agos-

Desde Lesbos crónicas de mans irimegas que se empregaban na acollida dos refuxiados de Siria


to do 1990 a revista amplíase ás 16 páxinas, formato que prevalecerá ata a de hoxe e que outorga acubillo a un corpo redactor colectivo, difuso e diverso que por medio da *Irimia* tece e alimenta o vínculo, un nó ensarillado na fe dos uns e na esperanza das outras e na fe e na esperanza dos máis. Iso explica que xa no nº 300 se publicara unha relación de 160 persoas co-

laboradoras que emprestaran pluma e sinatura, sen contar cos abondosos anónimos dos que non se podía dar certificado.

Este abano despregado izou e iza as velas desta empresa colectiva abrindo fendas, moinelos, ventás novas polas que tamén asoma a intención didáctica e formadora: *como funciona a sanidade, deberes si deberes non, Marx sen cornos nin rabo, o azucre non é bo, a asistencia psiquiátrica infantil, informe sobre o alcol e as drogas, como entender os mapas do tempo, que pasa coa inflación...*

Insubmisión, Prestige, inmigración, manipulación nas redes sociais....

Fiestras abertas, asomados á realidade, os aconteceres entran e maniféstanse. Algúns son novos na escena, outros reformulacións que se amplifican, existencia que non para e se multiplica: *debate sobre a entrada na OTAN, movementos de obxectores e insubmisos, colectivos pacifistas. Mareas de vida e algunha que outra de morte negra, coma aquela de finais de*



Portada do número 734 (xaneiro 2007)

Irimia e as súas tendencias



Portada do número 937 (xaneiro 2016), expresando as sensibilidades e necesidades de arestora

2002, vómito envelenado do Prestige da que facía relato *Irimia* co texto inocente en portada dunha nena de 10 anos:

A praia das Furnas era unha bonita paisaxe, cun mar revolto batendo na suave area e nas duras rochas. Os animalíños das Furnas xogaban e facían a súa vida, sen que ninguén os molestase. Na praia a xente bañábase no verán, os surfistas saltaban ondas e os pescadores picaban peixes coa cana, pero... chegou o chapapote e manchou todo.

Furnas desde as que se erguería en marea o berro teimudo e impertinente de Ramón Sampredo a reclamar o dereito á eutanasia. En decembro do 94 *Irimia* acollía nunha entrevista a súa reivindicación, tres anos antes de que nos abandonase cun suicidio reivindicativo que remexería consciencias e leis. Leis e consciencias que aínda adormecen diante da marea inmigrante que se achega ás nosas praias e á que malamente se recibe. Desde Lesbos elaboráronse crónicas saídas de mans irimegas que se em-

pregaban na acollida das persoas refuxiadas de Siria. Houbo tamén eco para esa marea política chamada a remollar de esperanza a seca social e política e que antes de chegar a viva xa principiou a devalar. Como tamén devalaron, e de que xeito, as esperanzas xurdidas da revolución Nica, país ao que prestamos atención e apoio e desde onde vimos de recibir relatos frescos que falan da nova rebeldía necesaria. Esa rebeldía que nos dá azos para seguir acollendo “*un paso adiante e outro atrás, Galicia*”, as inxerencias desta terra azul mariñeira tan presente en *Irimia* coma presentes estiveron sempre os romeiros e romeiras de Aguiño: *pesca galega en Europa, o feo asunto do bonito, problemas de calado...*

País verde, planeta azul, dicía a portada do nº 937, expresando nun código de cores (engadirémoslle de paso o lila feminista e republicano) as sensibilidades e necesidades de arestora: *violencia de xénero, revolución feminista, cambio climático, enerxías alternativas, laudato si encíclica verde, ci-*

dades sostibles e humanizadas, lumes nunca máis, as fragas da polémica. E xa por fóra da identificación cromática ou coa pintura que cadaquén queira darlle: a loita das pensións, Banca Fiare banca ética, pobre do xitano pobre, homo-hetero-trans as diferentes expresións da sexualidade, reinserción de presos, memoria histórica, a soidade dos maiores, plebiscito catalán, o imposto das hipotecas... Referenciados a mulleres e homes que fixeron camiño ao andar e dos que non habemos dicir nomes para non pecar de esquecemento, pero que estiveron presentes en vida e son agora na nosa memoria. Reflectidos nas pequenas e grandes, pero moitas, loitas que se deron porque o presente e o futuro trouxesen claridade e das que algún irimeg@, afin ou incluso descoñecid@, nos fixo chegar os ecos; porque ***se os nosos soños son iguais, coma un irmau che falo.***

38 anos e 1000 números de escoita, acollida e tamén de vixía. Espreita e cívica insubmisiva do poder establecido nas súas todas manifestacións:

38 anos e 1000 números de escoita, acollida e tamén de vixía

Político -o lado escuro do neoservadorismo-, xudicial -o fardel da xustiza española-, bancario -as fusións da banca-, empresarial do Big Data -manipulad@s facebook- e mesmo eclesiástico -Queiruga diante do inquisidor-. Nomealos todos cinco sendo que ás veces veñen a ser un e omnipotente.

Erros e acertos sumados, pasadas moitas treboadas e unhas poucas sementeiras o labrego da portada xa pode ir sabendo quen somos nós e en que consistía todo isto.

O falado da lingua

Lidia e Valentina

“Non esquezamos que se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma.”

*Castelao,
Sempre en Galiza*



Portada do número 41 (agosto 1982)

Na nosa lingua, desde a páxina 1 á 8, no setembro de 1980 chegou ás mans de moitos galegos a revista *Irimia*, un diamante en bruto que se foi e se vai tallando e perfilando ao longo destes mil números que hoxe celebramos. Canto nos presta e nos enche de orgullo ter tido a oportunidade de formar parte desta historia fundamental do noso idioma, de que os nosos escritos tivesen compartido a canle ao lado de tantos eruditos! Que privilexio!

Non sabemos se aqueles primeiros editores da Asociación Irimia se darían unha idea da enorme trascendencia da súa iniciativa. Relemos agora aquelas primeiras “Parábolas a carón do lume” do número 0 e reaprendemos do que dicía X. M. Carballo na boca do avó da súa parábola: *O importante é alumar e non hai que ter medo. Só se lle pode ocorrer apagar a luz a un mal nacido. Irimia* mantivo, e mantén!, acendido o facho da nosa lingua ao longo destes anos, contra

vento e marea, incluso a pesar dalgún nacido do revés... Así e todo, o asunto non foi doado... Advertía Pepe Chao alá polo número 28, onde el queda!, no seu “Cantar do irimego”..

*Xa nos cómpre, galeguiños,
non tomar a cousa á broma
dispoñamos axiña
a erguer o noso idioma.
Irimia, moi humildosa,
xa leva uns cantos meses
cultivando a nosa lingua
e os nosos intereses.*

E no número 50 publicouse a primeira entrega de “**A fala é camiño**”:

Como compromiso da quinta Romaxe de Crenes Galegos, celebrada do San Alberte, patrón da fala, o 11 de setembro, escomezamos no Semanario esta nova sección: camiñamos con sinxeleza polos vieiros da fala para adeprendermos mellor a nosa lingua.

E co título de “O padre Romualdo non é pai” remontábanse ao prin-

cipio dos tempos explicando que a lingua galega procede da latina e que os relixiosos que só teñen fillos “espirituais” non son pais nin nais, senón padres e madres: padre Romualdo e madre Ruperta. E aproveitando que

Non sabemos se aqueles primeiros editores se darían unha idea da enorme trascendencia da súa iniciativa

o Miño pasa por Lugo..., dicímosvos que este “padre” e “madre” debesdes escribilos con minúscula... Non temos amañadura...

Pois si, con esta nova sección que aparecía na contraportada do daque-

Irimia e as súas tendencias



Portada do número 294 (maio-xuño 1988)

la *Semanario Irimia* iniciábase –intertextualizamos outra vez– un longo camiñar polos vieiros da fala para aprendermos mellor a nosa lingua... E así foron transcorrendo as semanas e os meses, aprendendo da man do imborrable **Pepe Chao Rego** que a palabra “sincera” procede do latín sine cera: os actores do teatro grego e latino levaban máscaras feitas de cera; “sin cera” era unha persoa que non levaba cera ou máscara, é dicir, unha persoa que na vida era auténtica, espontánea e pouco teatral. Ou que o pluscuamperfecto en galego se forma co morfema de modo e tempo –ra (“Eu xa cho dixera”) e o imperfecto do subxuntivo con –se (“Se eu cho dixese...”). Ou que *te* vexo a ti e que tamén *che* vexo as intencións. Ou todo o que transmite “O rapaz cómecheme ben?” Ou a diferenza entre “Imos á Romaxe?” e “Vamos!” Ou que “nesta zona zoa o vento?” Ou dos antollos, os coellos, os aparellos e os tellados, as parellas, as lentellas e os estropallos. Ou cando recollía como a xente “fina” se gababa de que veraneaba en *Sanjenjo e que visitaban *Mesón del Viento ou *El Niño de la Guía. *Que*

*Deus os perdoe e Breogán os guíe mellor- rezaba Pepe... Ou que *achádego é unha palabra portuguesa que o seu dicionario identifica como “premio, recompensa que se lle dá a quen trae boas novas ou entrega un obxecto perdido e non o podemos usar en galego como sinónimo de descubrimento.” Ou que debemos dicir ambiente e conveniente e conveniencia. Nin*

O artigo sobre a lingua aparece na revista como compromiso da V Romaxe

convinte nin con trinta!, nos ten dito Pepe tantas veces! E tamén medicina e entraña e brillar. E seguinte, oínte e constituínte, pero durmente e servente. Un pouco difícil quizais todo xunto, pero hai que ir dando pasiños e esta é unha primeira aproximación –animaba el. E sentimento e movemento e revestimento, resentimento, nacemento e regulamento. E pégnansenos os dedos ás follas cando repasamos to-

dos os artigos de “A fala é camiño” e queremos contar todo, queremos recordarnos que é *mocidade* e *xente nova* ou *xuventude*, pero non “os xoves”; e *rexer*, *render*, *premer*, *expremer*, *reñer*, *xemer* e *derreter* e *bater*... E que a palabra raposo parece proceder do longo rabo (*raboso*) que ten ese animal, a quen Cunqueiro lle chama o *rabilongo*. Tamén se coñece en Galicia polo nome de *golpe* (do latín *vulpis*), e incluso atende por *renarte* (do francés “*renard*”). Botamos unhas boas risadas cando lemos aquel “Traballar e trebellar”, no que recorda o que escribira o padre Martín Sarmiento respecto dun confesor castelán que confundiu o verbo galego *trebellar* (do latín *tripudiare*, brincar de ledicia) co verbo *traballar*: os penitentes confesaban que *trebellaran* tantas veces e el respondíalles que nos días festivos só podían “trebellar” (para el “trabajar”) unha hora, pero nos outros días, todo o que quixesen.

Inicialmente “A fala é camiño” aínda non aparecía firmada, pero nós sabemos que eran de Pepe por fontes ben informadas. Foi a partir do número 213, que a mesa de redacción chamou



Portada do número 531 (maio 1998)

“II Época”, a partir de cando xa figurou o seu nome no artigo e a quecer e a quentar, a durmir e adormecer e con sono e con soños, entre xulgados e xuíces, testemuños e testemuñas chegou o ano VI e o VII, e Pepe Chao continuou a responder e a respostar, e a falar de ondas e de olas e de oleiros. Alá polo ano VIII foi o tempo daquel cal que se lle botaba ás terras e o que tal producían!, e Pepe tamén aproveitou para adoutrinar na colocación do pronome, pois na TVG un seica labrego dicía “*Desque bóttolle...” e o que o escoitaba contestáballe “*Eu tamén bóttolle...” Que pouco cambiou o conto... E falou de san e de santo, de sancristán e sancristía, de confrades e de confrarías.

Irimia mantivo un triplo compromiso coa lingua

Chegou o ano IX e falou do “falar petrifrástico” e da flor do toxo, de xaxún e xaxuar, de normalización e de normativización, de morriña, de aseñorar e atuar, de devecer e de “ben deitar”; esa expresión da Terra Chá –que bonita!– “Ben deitaches que vin eu, que se non habíaste de ver...”

Pasaron os anos e alá por febreiro de 1992, co título “Para as medras”, Pepe Chao escribiu o último capítulo de “A fala é camiño”, no que se desgustaba porque lle preguntara a unha alumna “*Cal é a túa gracia?*” e ela non entendera ese xeito de se interesar polo seu nome propio. A partir do número 380 compartiu o artigo con **Xesús Ferro Ruibal** e estes dous eruditos da lingua enriqueceron máis, se cabía, a contraportada da revista no artigo titulado “Falando con xeito”. Continuaron xuntos facendo percorrido polo léxico, a fraseoloxía, a gramática, a sintaxe e a sociolinguística ata o número 384 e dunha volta reproduciron aquela frase de Arsenio cando

perdeu a primeira man de tute e con maestría de literato dixo: “O primeiro millo é dos paxaros”. Que lección! Continuou Ferro Ruibal en solitario, centrado na fraseoloxía, ata o número 490, agradándonos co seu falar con xeito, e continuamos aprendendo, aprendendo que á xente da vila non lle gusta que chova, pero gústanlle as patacas. E que a América foi razón de ser para moitos ditos galegos. Así, dicimos de alguén que ten moita terra na Habana ou o moito que se perdeu en Cuba, ou de que tal veciño fixera as “Américas”. E explicounos de onde viña o conto da carabina de Ambrosio. Presentounos tamén 20 números con ditos do mundo agrícola, 19 da auga e 24 do lume. E despois de Ferro Ruibal, baixo o mesmo título “**Falando con xeito**”, continuaron dúas discípulas súas, primeiro **Pilar Vilaboi Freire** con ditos de amores e ditos sobre a muller, e despois **Carme Lamela Villaravid** continuou cos ditos sobre a muller ata o número 506, alá polo ano 1997.

Houbo un tempo de silencio *polos vieiros da fala*, desde o ano 97 ata novembro de 1999. Conscientes desta situación, a mesa de redacción andoulle a facer as beiras a **Lidia Campos Chan**, pero ela non se deixou conquistar. Un venres de outubro visitou a mesa **Valentina Formoso Gosende**, amiga de Lidia e tamén compañeira de carreira, e Pedro Pedrouzo envolveunos ás dúas! Xa non houbo escapatoria: 15 días despois o noso primeiro artigo “**Falando da lingua**” estaba preparado para ser publicado no número 563, coa case absoluta seguridade de que aquela quentura logo había enfriar e... van alá **19 anos e 438 artigos...** Confesámosvos que nunca botamos a conta! Isto é para caer para atrás, para caer de cu, como se di na nosa terra! 1000 primaveras máis, *Irimia*! Moitas grazas a todos os nosos colaboradores e moitas grazas pola vosa lectura, irimegos e irime-



Portada do número 796 (outubro-novembro 2009)

gas!!! *Irimia*, amadora da terra de noso, mantivo incansablemente un triplo compromiso coa lingua ao longo de todos estes anos, dos seus mil números: desde a súa liña editorial, escribindo e publicando sempre en galego e reservando sempre tamén unha sección para a lingua, para manternos actualizados e coñecedores da nosa lingua nai, da nosa cultura, a que, como dicía Castelao, se mama da propia teta. Así e todo, isto non tería sido posible sen vós, os e as que estades do outro lado. A razón do éxito sodes vós. Grazas. Parabéns para todos e todas!!!



Irimia a coro

Se algo caracterizou e xustificou esta pequena realidade é que é un horizonte común dunha boa cantidade de grupos, comunidades de base, persoas implicadas en movidas diversas... Por iso inventamos este formato de entrevista a coro, entre unha mancha de subscritores e subscritoras aos que lles demos unha lista de preguntas para que escollesen unha, para que o método se adapte á realidade: Irimia é un resultado colectivo e comunal.



Juan Carlos Abad
 Como algo moi meritório que reflicte a fe e a constancia das persoas que forman parte do proxecto. Non é doado manter viva a chama. Parabéns.

Ramiro Martínez
 Como un medio de comunicación orixinal, libre e independente, si. Como ventá dun mundo rural con problemas, pero con vida, si. Como reflexo doutra maneira de ser relixiosos@ e cristiá, si. Como visualización dun monte de xente que viaxa pola beira residual e incerta da vida, si. Porque aglutina un grupo nada deseñable de persoas, si. Porque hai vell@s lob@s que resisten e, cando xa parece que vai esmorecer, aparece outra niñada que, coa mesma xenerosidade e creatividade, reviven estas follas tan recoñecibles e tan gratas, claro que si.



Machusa Amenedo
 O tempo máis forte para min, á parte de que eu era nova, hai 20 anos... Vivía Pepe Chao, que era para todos nós un referente. E moitos máis que foron quedando no camiño. Non sei o que estou dicindo ten moito que ver tamén coa miña vivencia persoal. *Irimia* sempre foi e será unha realidade do que queremos que sexa Galiza.

Serve Irimia, aínda hoxe, para alimentar a boa fe, a esperanza e a utopía da fraternidade, desde Galicia, cos pés nesta terra?

Como valoras o feito de que, con todos os cambios, limitacións e insuficiencias, Irimia chegase aos 1000 números?

Raquel e Lucía Almuíña Casas

Como un gran reto, conseguido gracias ao traballo e compromiso de todas/os os que creades *Irimia*, xunto coa fidelidade dos lectores/as. Ao mesmo tempo, hai que destacar que o feito de complementar a edición en papel co dixital puido e pode facilitar a súa continuidade.

Estes mil números son o resultado e o esforzo desamentado que agroma unha conciencia crítica para que as persoas cuestionemos as políticas, reflexionemos sobre a sociedade na que vivimos, formemos novas redes de cooperación, loitemos polo rural...



Xan Guillén Vázquez

Era imposible. Unha revista que se declara crente, que se publica en papel, que está escrita en galego, que non recibe subvencións, que se coñece de boca a orella, que todos os que colaboramos nela facémolo de xeito voluntario... Estaba claro que non ía funcionar ou que funcionaría un pouquiño e que logo afogaríase cando os impulsores se retirasen. Pero aí segue. Mil números de experiencia. Mil primaveras que chegan regularmente ás nosas casas. Évos ou non vos é un rumor de esperanza?





Nunca fun membro da mesa de redacción, pero lembro con especial agarimo a etapa na que as xuntanzas para elaborar a revista se facían na nosa casa. Agardaba con ilusión que ese venres á tarde para estar con moitas das persoas que facían posible que *Irimia* sasese quincenalmente puntual, chea de novas e pensamento crítico. Sei que o correo electrónico, internet e outra tanta tecnoloxía facilita moito as cousas, pero boto en falta ese contacto físico, de presenza, de conversa, que permite construír -quizais cuns tempos que non temos- a “lume lento”.

Belén Caballo Villar

Comenzando a década dos 80, xorde a pequena *Irimia* en tamaño cuartilla. Non esaxero dicindo que foi un abrente nunha mañá clara e luminosa, un tenro rai de luz na lingua nai, unha esperanza no xeito de formar e informar. Desde o nº 0 presaxiei que ese diminuto ser sería algo importante na miña vida, e en verdade foi un fito constante que me acompañou e dou azos, vin como medrou en tamaño e, o que é máis importante, en contidos. Estou ledo polos seus mil números, e esperanzado no seu futuro.

Anuncio Morotoño

Forma parte a revista *Irimia*, dalgunha maneira, da túa historia? En que sentido?

Beatriz García Turnes

Formei parte da mesa de redacción sendo moi nova, con 18 anos. Levoume Pepe Chao, que fora profesor meu. Recordo con agarimo aquelas reunións na casa de Carmela e Agustín nas que se abordaban -con humor e, asemade, con seriedade- temas de actualidade social, política, económica ou relixiosa. Sobre eles ían saíndo puntos de vista distintos e non sempre fáciles de atopar na prensa convencional. Daquela etapa levei o cariño por *Irimia* e polos irimegos e unha conciencia máis crítica e informada.

De que fase de *Irimia* gardas unha mellor lembranza?

Xaquín Campo Freire

Lembro con agarimo a pre-*Irimia*. Como se xestou da man do Pepe Chao. Nesa xeira, cantas persoas e ideas implicadas para responderlles á Galiza e aos galegos! Eu era o secretario dese movemento daquilo, *Irimia*. Eu tiven que legalizar a asociación en Madrid. 1978. Levou meses. Nada fácil. Moitos ventos en contra. A revista era unha das teimas de Pepe Chao, pero a Romaxe levou a meirande parte dos esforzos. Sería Victorino Pérez quen a colleu con azos. E aí está o número 1000 da revista. Parabéns!

Daniel Gómez Ramil

De mestre en Abadín (84-88) coñecín a Xosé e a Manolo (tan distintos, tan humanos, tan boas persoas que “non parecían curas”) Tamén a X. Lois e Marta, logo case veciños acó polo Barbanza. Tamén a *Irimia*.

Desde entón, esta xoia, frasquiño de esencias, non falta da casa. Lectura obrigada por única, por verdadeira, por crítica, pola teima en facer un mundo mellor. Reflexo en boa parte da miña visión da realidade ao longo de máis de 30 anos.

Parabéns e grazas a tod@s @s alma máter destes mil de *Irimia*! A por outros mil, algún veremos, malo será!



Carmentes
 Carmen Gaité Pastor
 Son relixiosa filipense, nada en Palencia e formada na vida relixiosa e académica en Barcelona. No ano 1968 aterrei en Vilagarcía de Arousa con fondas inquedanzas de renovación na teima da Igrexa e tiven a sorte de atopar coa movida dos cruceiros e co movemento de Irimia. A revista é como o latido dun corazón que sinto dentro de min amando, xunto con outras persoas moi queridas, unha Igrexa en camiño e en comunión coa galeguedade. **O corazón non pode parar.**



Irimia a coro

Valentina Formoso Gosende
 Di a canción que vinte anos non son nada, pero os que vou cumprir como colaboradora desta revista marcáronme a nivel persoal e profesional. Corría o ano 1999 cando comecei a escribir en *Irimia*, ano no que tamén aprobaba as oposicións para Secundaria. *Irimia* é parte da miña historia profesional na breve contribución quincenal e compartida no ensino “a distancia” de persoas adultas, diferente do das aulas; pero éo sobre todo da miña historia persoal, afanzando unha amizade que ampliou as súas marxes.



Sara Paz Quiñones
 Asocio *Irimia* á tortilla de Cloti e Sari, a amizade, a M. Regal, X. A. Miguélez, Tori, e moitos outros, a intercambio de opinións e risas, a aprender escoitando, a empezar a participar nas charlas e nas primeiras entrevistas que realicei con orgullo. Tíña 15 anos e chegara a Vilalba coa miña nai Sari, acabada de casar con Pepe Chao. Os martes eran esperados con alegría na casa, antigo hotel Chao, que lembro sempre coas portas abertas, metáfora do noso pequeno mundo no que todas as persoas eran benvidas.

Forma parte a revista *Irimia*, dalgunha maneira, da túa historia? En que sentido?

Celia Castro Ojea

Desde o ano 1978 *Irimia* e a 1ª Romaxe no Pedregal foron para nós unha repoliña de airiño levián na atmosfera opresiva da igrexa galega oficial.

Para a celebración da nosa voda no ano 1966, na igrexa parroquial de Pontearreas, en idioma galego, tivemos unha boa chea de atrancos felizmente superados polo inesquecible Pai Seixas. Beizón a el, a *Irimia* e a todos os que traballaban por unha igrexa incardinada na terra e achegada ás súas xentes. Por moitos anos máis! Forza! Este país necesita de iniciativas que rachen o inmovilismo que tolle a nosa vida relixiosa e comunitaria.

Desde a Comunidade Cristiá de Home Novo e desde a lembranza a D. Manuel Espiña: Longa vida á nova *Irimia*!



Carmela Miguélez Pedrouzo

Creo que son poucas as ditosas que poden dicir que *Irimia* as acompañou desde a infancia; non sei se chegou antes ela ou a miña irmá. Ao principio era cousa abstracta, para maiores, onde o único que me interesaban eran os debuxos do Carabouxo ou as seccións didácticas de Lidia e Valentina; medrando, aprendín a asociar nomes coas caras da Romaxe; e actualmente é unha boa compañeira de mesa de noite, como contrainformadora do bombardeo exterior. O único problema que lle atopo é que, cando medras cun proxecto coma este ao carón, dás por sentado que é doado e normalízalo. A realidade encargárase de dar o necesario portazo de fociños.





Carmela Capcans
 Desde os catro anos ata os dezasete fun a un colexio onde as profes eran todas de Castela. Deixoume marcada porque cando falaba dicíamne que “falaba mal... o castelán. Cando cheguei ao Castiñeiriño, corríxíamne porque “falaba mal... o galego. E por iso que unha das primeiras cousas que leo sempre que chega *Irimia* é “O cantar do irimego” (daquela) e o “Falando da lingua? Moitas grazas a Pepe Chao, a Lidia e a Valentina.”

**Forma parte a revista *Irimia*,
 dalgunha maneira, da túa historia?
 En que sentido?**

Natalia Sanmartín Taboada

A miña primeira incursión foi no ano 2000. Foron dous colaboradores quen me animaron a participar na XXIII Romaxe de crenzas galegas, celebrada en Campo Lameiro. A experiencia foi una rebelación inesquecible. Asistín á voda máis sentida á que nunca fora: Galiza uniuse para sempre co seu Pobo a través do xa mítico “Berro Seco”.

Así foi que me fixen seguidora das novas sobre as Romaxes e por elas gocei das seccións da revista: Rumores de esperanza, Falando da lingua, etc.

E chegamos ao nº 1000. Parabéns para quen fai posible que os irimegos sigamos sentindo esa unión coa terra a través de Deus.



María López Giménez

Irimia forma parte daqueles elementos que dan sentido a determinadas experiencias. Para os que medramos á súa beira, as persoas e acontecementos asociados á revista aportaron algún dos materiais que nos fan ser como somos. Destacaría dous momentos importantes na historia da miña vida: o primeiro artigo de Simón, sobre unha conversa do Subcomandante Marcos. E aquela vez que o Trasnó marchou a Namibia e, sobre todo, cando volveu.

Sabela Rivas Campos

Dicir que *Irimia* forma parte da miña vida é pouco. Forma parte do meu pasado, presente e futuro. Os meus pais escribían (e escriben) para *Irimia*, así que eu vivín con esa angustia vertixinosa de: Mañá toca *Irimia*! Desde ben nena lembro *Irimia* como algo fermoso e tenro. Acudía ás xuntanzas coa mesma ilusión coa que abría os regalos de Nadal ou ía de vacacións. Sempre había algo rico, algunha palabra fermosa, un agarimo ou o que fose para min, e aínda agora, anos máis tarde, séguese habendo.



Manoel Vello Salvador

E tanto. Cheguei a subscribirme a *Irimia* a través das “irimias” que vin na casa do noso crego Gumersindo Campaña. Foi aquel momento de mocidade na que estaba tomando criterio sobre moitas cuestións: sociais, políticas, familiares... e do necesario xeito de enfocarl as a fe cristiá. *Irimia* é esa xanela que se abre a nós cun contido que non atopo noutro lugar. É única. Por iso, é moi necesaria, moi importante, xuntando o que sería normal en Galicia, ideas de país e cristiánismo. Galicia é cultura cristiá polos catros costados. E é o xeito de entender o país.





Veva Caeiro Martínez
 A miña achega persoal a *Irimia* chegou de maneira inesperada e involuntaria a través do agasallo da revista por parte da miña mellor amiga, moi vencellada a este proxecto. Nunca cheguei a participar de forma activa, sendo unicamente lectora activa e receptora constante desde esa primeira vez. *Irimia* é unha ollada crítica e necesaria á realidade, pero para min tamén un vínculo coas raíces e coa amizade. Gustaríame hoxe corresponder á vosa xenrosidade. Saúde e longa vida!!

Xosé A. Miguélez Díaz
 Graças aos fazedores de *Irimia* pola aportación quincenal dese alimento importante que é a revista. Parabéns admirados e mesmo asorados. Que logro! Que xenrosidade! Que atopedes camiños anovados para seguir aportando nestes tempos de tanta mudanza. *Irimia* forma parte da miña vida desde o número cero. Temme aportado boas luces (sen desprezar a ningún, quero agradecer especialmente ao Tras-no de quen son devoto), boas compañías e amizade, boas ceas, boas fidelidades, bos apuros tamén e boas ledicias. *Irimia*? Que marabilla! Que acado outro milagre e siga outro milleiro. Mil grazas.

Irimia a coro

**Forma parte a revista *Irimia*,
 dalgunha maneira, da tua historia?
 En que sentido?**

**Se a revista ten futuro,
 como o imaxinas?**

Olga
 Álvarez Sánchez
 Coido que ten futuro e mais espero que teña futuro construído por moitas persoas e, pola miña banda, seguirei sendo unha lectora e unha colaboradora. Aínda non é o momento de pechar, queda vida por diante, moito que contar e compartir e, cando chegue o momento, celebraremos unha festa de despedida chea de ledicia por toda a historia que levamos vivida xuntas. Aínda non, agora toca un renacemento e darlle outro xeito ao que estabamos facendo. Será moi emocionante ler a nova *Irimia* que vai saír.

Charo Rilo
 Estou moi orgullosa de poder dicir a todo o mundo o marabilloso que é pertencer a *Irimia*, que nos comunicamos a través dunha revista xenial; e que me entusiasma poder ver a xente irimega na Romaxe, na Festa do Lume...
 A revista fai que nos sintamos comunidade. Temos exceso de información inmediata, pero precisamos reflexións posteriores, iso é o que nos dá *Irimia*. Nela publícanse reflexións necesarias para poder xulgar e actuar; e que non é fácil atopar en ningún outro sitio.

“*Somos pedras vivas.*”

Gumersindo Campaña Ferro

Respondo como crego rural e un subscritor de vello e, ao xeito noso, respondo: “Depende”. Hai 35 anos, a tirada de *Irimia* era de 1600 exemplares. O mundo rural galego era o principal destinatario e os temas campesiños supoñían o 22 por cento. Por isto, coido que o futuro posible de *Irimia* pasa por unha meirande perspectiva rural. Co mesmo, organizativamente, é preciso abrirse á realidade da comarca. Era esta a idea de Pepe Chao. E, nesa liña, recuperar, ou potenciar, os encontros de irimegos ou Irimianzas. Por último, sería bo que na revista entrasen tamén colaboradores externos, alleos a ela. Desde esta perspectiva, vexo que a revista *Irimia* aínda ten futuro.





todo o que isto significa.

A máis importante é dar unha visión da fe cristiá e da Igrexa en xeral apartada dos vellos formulismos, angulosos-mentos, clericalismos e afastamento dos problemas cotiás que moitas veces amosa unha boa parte da xerarquía, tratando con noso enfoque de ir ás raíces da nosa fe cristiá. Estar traballando por un mundo mellor, unidos a non crentes farnos meditar como seguidores de Xesús, sen perder de vista a nosa pertenza a unha terra como Galicia, tan necesitada de estima, menosprezada na súa lingua e non valorada como país con

Valentín Arias Pontón

Irimia, choiva medradora. Irimia é choiva lene: a quen se deixa atravesar pola Palabtra, faina medrar e vivir en fe e galegüidade. O seu sino é ser humilde, como a choiva que enchoupa e vivifica, dando sentido e fondura ás nosas vidas. Desexo e preciso mil números máis deste facho de realidade inómodas na sociedade e na Igrexa, deste poñer a lupa no pequeno. Mil números máis escapando do discurso do poder para apostar polo de abaixo, pola terra que sostén as nosas vidas.

Marisa de Corme
Como a chuvia cae do ceo e non volve alá sen enchoupar a terra, fecunda-la e facela brotar... (Is 55 10-11)

Que función, das posibles que cumpre a nosa revista, consideras máis importante? Por que razón?

Alfonso Blanco Torrado

Irimia é para min unha bocanada de aire fresco fronte a tantos medios que están a deturpar a realidade... *Irimia* transmite as arelas de persoas e colectivos que constrúen unha Galiza dona de si dentro da pluralidade do mundo, é o eco de tantas sinerxias que, desde a xenerosidade, están a facer país afastadas das manipulacións e a contaminación doutros medios que ignoran a ferverza de solidariedade e igualdade que abrolla cada amencer.

Rosa Cal

Educar o pobo lector. Co obxectivo de que se desenvolva libremente, na maioría dos seus sectores vitais: familiar, social, traballo, relixioso, etc. Para evitar ser manexado pola publicidade e a propaganda. E como a revista terá futuro, debe seguir, no seu contido, como nos últimos tempos: “cos pés no chan”, apoiando o cambio, a igualdade para as mulleres na igrexa e denunciando os abusos dos máis fracos en calquera lugar deste mundo.

Jorge Riveiro

A nosa *Irimia* ten a misión de crear unha cadea das máis fortes que se pode atopar, chea de amizade, solidariedade, bondades, mans, ollos, oídos, sensibilidade, razón, amor, esperanza, luz... É unha cadea que cando te atrapa, faite mellor persoa, e que realmente non queeres que te solte. Esta formada por cada palabra, cada mensaxe e cada preocupación que amosan as súas mensaxes, palabras e preocupacións.



Blanca Cimadevila e Máximo Fraga

Para nós, *Irimia* é esencial para cohesionar e dar voz a toda unha comunidade de crentes galegos que, doutro xeito, sentiriamonos sós e non representados polos medios de comunicación “tradicionalmente cristiáns”. Necesitamos deste espazo de reflexión e de procura compartido: recoñecer e recoñecermonos nunha comunidade cristiá que, enraizada en Galicia, quere vivir cunha mentalidade aberta, tolerante, pero tamén crítica. Grazas, *Irimia*!



Renacín como crente galego no bautismo daquela xuntanza do Pedregal de Irimia. No máis fondo de min síntome confortado coa lectura da revista *Irimia*, sinxela aínda que de profunda espiritualidade. Estamos en tempo de espera no que a fe ha estar esperta, pois hai rumores de esperanza. E sigamos... “*Benia quen constrúe a paz!*”

Irimia:

fonte do pedregal,
manancial de auga viva,
que move as vellas aceas
onde moemos a vida.
Auga do renacemento
naquela serra de Meira,
que de quince en quince días
entra na miña ribeira:
coa foto muda que fala,
con rumores de esperanza,
o trasno, editorial, a peneira,
o peto común e as crónicas,
falando da lingua, *et cétera*.
Boa Nova de esperanza,
coa Palabra e co seu eco
e a clave do Novo Reino:
para un crente galego
é Irimia un fachineiro.


Hernando Martínez Chantada
(Ribadumia, decembro de 2018)

Quero darvos as grazas por facerdes que exista *Irimia*, polo voso traballo desinteresado e pola vosa entrega, e quero mencionar en especial a Daniel, aínda que todos sodes ben importantes.

Que *Irimia* siga acompañándonos e axudándonos e que chegue a outras 1000 máis.

Unha aperta para todos os/as que a facedes posible, parabéns e moitas grazas de novo.

María Xosé Escudero.



Actividade subvencionada pola



Deputación DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

Dende setembro de 1981

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscricions@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>



Utopía de Nadal



(The Washington Post/Getty/AP/EPA; Lily illustration)

Benia as que constrúen a paz!

Nadia Murad, Iraq, escravizada polo ISIS, activista contra a violencia sexual como arma de guerra, Nobel da Paz;

Karen Attiah, USA, colega do descuartizado Jamal Kashoggi, defensora dun xornalismo libre e crítico fronte ao poder;

Michelle Bachelet, Chile, torturada nos setenta pola policía de Pinochet; logo, presidenta; agora, comisionada da ONU para os Dereitos Humanos;

Marielle Franco, Brasil, asasinada en marzo polo seu activismo desde as favelas a prol da muller, das comunidades gays e afrobrasileiras;

Samar Badawi, Pakistán, 23 puñaladas en plena rúa por un señorito local; o xuíz insistiu en que algo faría para merecelo;

Diane Rwigara, Ruanda, difamada e acosada por ousar montar unha candidatura contra o todo poderoso presidente Kagame.

Xesús,
Mercedes, Fernan-
do Luís, Dolores, Francisco,
M^a Xosé, Feli, Isaac, M. Clotilde,
Juan Carlos, M^a del Pilar, Virxinia, Ana
Belén, Bieito, María, M^a Olga, M^a Nélica,
Ramiro, Machusa, Rosa M^a, Merche, Xoán Ma-
nuel, Rubén, Valentín, Belén, María Fernanda, Manuel,
Xoán, Salvador, Xosé, Xosé María, Alfonso, Manuel, Vic-
torino, Manoel, Olegario, Manolo Rafael, Xosé Manuel, Xosé,
Victorino, Xenaro, Alfonso, Francisco Xabier, Mercedes, Ángeles,
Jaime, Xurxo, Maruxa, Rafael, Gloria, Helena, Anabel, Xosé, Irimia,
Manuel, Belén, M^a Teresa, Veva, Manolo, M^a Luisa, Luis, Carlos, Maruxa,
Loli, Gumersindo, Xaquín, Lidia, Carmela, Gloria, M^a Carmen, Luís, Xorxe,
Francisco Xavier, Purificación, Francisco Xavier, Alfonso, Francisco, Jesús e
Mara, Gerardo, María das Dores, Celia, Suceso, Beatriz, Vicente, Mercedes,
Aurora, David, Manuel, Hermelinda, Josecho, Francisco Xabier, M^a Jesús, M^a Te-
resa, Piedad, Manuel, Ofelia, Xosé Luís, Ramón, Tito, Gelen, Pilar, Andrés Antonio,
Xosé, Carlos, Manuela, M^a Xosé, Nieves, Daniel, Beatriz, María José, Xosé, Xoán Xosé,
Irimia, Alfonso, Miguel, Pedro, Roxelio, Pepe, Ermitas, Josefa, Serafín, M^a Dolores, Mi-
guel, Xose, Pilar, Marisa, Francisco, Alexandre, Antonio, José María, Lois, Anxo, Xesús,
Fernando, Amable, Luis, Manuel, Valentina, Tere, Ánxeles, Máximo, Ana María, Xosé Luís,
Alfonso, Carmen, Mario, Uxío, Xoanxo, Chelo, Xesús, M^a Piedad, Leonor, Beatriz, Sabela,
Julio, Xosé, Luís, Amelia, Antonio, Daniel, Pedro Paulo, Tere, Antonio, Digno, Sinfo, Antón,
Toñi, Manuela, Xaime Manuel, Xosé Manuel, Constantino, Benito, Soledad, Unai, Xosé, Xosé
María, Xan, Xosé Antón, Manuel, Mariano, Francisco, Xúia, Rosina, María Virxinia, Andrés,
Baldomero, Xosé, Ánxel, Cosme, Eloy, María Rosa, Xosé Ramón, Xosé, Mario Bernardo, Xurxo,
Dolores, M. Jesús, Cándida, Antón Xosé, Lucía e Roberto, Cristina, Tareixa, Francisco Xabier,
M^a Consuelo, Ana Belén, Anxo Xurxo, M^a Rosa, Mencha, Xose M., Felix, María Elena, Luisa,
Nieves, Xose M^a, María, Vicente, Román, José, Xaime, Xabier, Alberto, José, Inmaculada,
Daniel, José, Alicia, Xesús, M^a Pilar, Xosé, Xesús, Ignacio, Belén, M^a Luz, Xoán Xosé, Antonio,
Xoán, Ramiro, Hernando, José Antonio, Ramona, Francisco, Mercedes, Xosé Francisco, Xesús,
Jesús, Victoria, Eliseo Xabier, M^a Carme, Rosa María, Xosé Antón, Rosa María, Manolo, Car-
los, Isabel, Rosa e Carmen, Anuncio, Fernando, Anxo, Manuel, Ramón, Xose Luís, M^a Luisa,
Antón, Sita, Antón, Rafael, M^a Camino, Montserrat, Clementina, M^a Carmen, Beatriz, Sa-
bela D., Balbina, Clodomiro, M^a Esther, David, M^a do Carme, Gonzalo, Xosé Manuel, Lour-
des, María Asunción, Xosé Xoán, Sara, Josefa María, Pilar, Manuel, Luciano, M^a Xesús,
Manuel, Raquel, Juan Antonio, Georgina, Secundino, Victorino, Abelardo, Juana, Xosé
M^a, Herminia, Mercedes, Sebastián, Ricardo, Xesús, Xesús e Mercedes, Francisca,
Dourino, Xabier Manoel, María Rosa, Eva, M^a do Carmo, Abel Fidel, Berio, Manuel,
Xosé, Rosa María, Maruxa, Isaac, Pepita, Charo, María, Mari Carmen, Manuel,
Xosé Luís, Elena, Valentín, Rubén, Jorge, Lisardo, Antonio, Xosé María, Zoraida,
Miguel, Manuel, Antonio, Benigno, Xoán Carlos, Isolina, Xabier, Luís Ángel,
Pedro, Gonzalo, José, Pepa, Celestino, Xoán Carlos, Luís, Ramón Juan, Emi-
lia, M^a Carmen, Encarna, Álvaro, Lines, Belén, Dulce María, Emilio Ma-
nuel, Anxo, Concepción, Miguel A., Natalia, Lucía, Benito, Marisa, Paz,
Dolores, Alicia, Carlos, Xosé Luís, Xosé Benito, M^a Luz, María del
Carmen, Xosé, Carme, Ramón Francisco, Ignacio, María de los
Ángeles, José Manuel, M^a Xosé, Ana, Ramiro, Pablo, Ma-
nuel, Andrés, Xesús, María do Carme, M^a José, Uxío,
Dositeo, Marisa, Manuel, Manuel, Narciso, Carlos
Concepción, María do Carme, Fernando,
Filucha, Manuel, Marisa, Engracia, Xosé
Lois, Manuel, Xose Lois, Alfonso,
Beatriz, Pilar, M. Oliveira,
Xosé, Carlos,
Eliseo